

índice

- 1.- Carta do Presidente*
- 2.- O Consello Económico e Social de Galicia:
natureza, funcións e competencias*
- 3.- O procedemento externo*
- 4.- Os membros do CES-Galicia*
- 5.- Órganos do Consello.*
- 6.- Os procedementos internos*
- 7.- Actuacións dos órganos colexiados*
- 8.- Actividade institucional*
- 9.- Organigrama técnico administrativo do CES-Galicia*
- 10.- Actividade administrativa*
- 11.- Traballos aprobados polo CES-Galicia en 2001*
 - Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000*
 - Informes*
 - Dictames (inclúe texto completo)*

Carta do Presidente

O período que ven de rematar serviu para que o Consello Económico e Social de Galicia poñera a punto as súas estruturas organizativas e reafirmara o seu papel como instrumento consultivo ó servizo da Xunta de Galicia. Tres das súas catro orixinais Comisións de Traballo veron reaxustado-os seus cometidos para unha máis racional distribución das súas tarefas. Ademais, un instrumento singular de reflexión conxunta coa Administración, como é a Mesa Sectorial Específica de Cooperación (integrada por representantes dos axentes sociais que integran o Consello e membros da Consellería de Economía), viu reafirmado-os seus cometidos ó ter sido aceptado polo Comité de Seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006 o seu papel vertebrador da participación dos interlocutores no seguimento do antedito Programa Operativo.

Malia as inevitables interrupcións que no quefacer legislativo sempre provoca un ano electoral, foron cinco as ocasións nas que o Consello tivo a oportunidade de exercer-la súa función dictaminadora de textos normativos: en tres ocasións para expresa-la súa opinión sobre proxectos legislativos (Prevención e control integrados da contaminación en Galicia, Protección do ambiente atmosférico de Galicia e Lei de Vivenda de Galicia) e nas outras dúas para dictaminar proxectos de Decreto de sometemento facultativo ó parecer do CES (Incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na comunidade autónoma e Regulamento de normas marco sobre protección contra a contaminación acústica).

O exercicio desta facultade dictaminadora viuse completado coa elaboración de dous informes-opinión (sobre o Libro branco da Enerxía e sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia) e coa aprobación de dous informes redactados a inicitiva propia do Consello, un sobre a área funcional de Lugo e mais outro sobre a Situación e perspectivas do sector do marisqueo a pé en Galicia. Se a esto se lle engade a aprobación e presentación da Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia no ano 2000, penso que se estará en condicións de aprecia-lo labor desenvolvido ó longo do período o que fai referencia a presente Memoria de actividades e de explica-lo significativo aumento do número de sesións empregadas polas Comisións de Traballo en relacións ás celebradas no ano anterior.

O Consello Económico e Social

NATUREZA, FINALIDADE E FUNCIÓNS

Por Lei 6/1995, do 28 de xuño, creouse na Comunidade Autónoma Galega o Consello Económico e Social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O obxecto do organismo é facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica e social e atende-la aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte da Xunta de Galicia.

Na medida que se trata do único órgano onde está representado un amplo número de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia para o exercicio da función consultiva, non só sobre a actividade normativa da Xunta de Galicia en materias de especial transcendencia económico-social, senon tamén para a elaboración de informes, estudos o propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas no ordenamento vixente. Precisamente por iso, o art. 5º da súa Lei de creación o define como “ente institucional de dereito público consultivo da Xunta de Galicia en materia económica e social” coa finalidade (art. 2º) de “facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia”.

Para o cumprimento destes obxectivos, o CES-Galicia ten asignadas (art. 5º e Disposición Adicional 2ª) diversas funcións, que se concretan nas seguintes:

A● Emitir **dictames** (a solicitude preceptiva ou facultativa) sobre proxectos de disposicións normativas e plans xerais ou sectoriais.

1.- Dictames de solicitude **preceptiva** (art. 5º Lei de creación). Califícanse como tales os que versen sobre:

1.1.- Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia (a norma contempla unha única excepción: o proxecto de lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma).

1.2.- Plans xerais ou sectoriais que teñan relación cos ditos campos.

1.3.- Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, competencias ou funcionamento do propio CES.

1.4.- Materias que teñan que ser consultadas ó CES por precepto expreso dunha lei.

2.- Dictames de solicitude **facultativa** (art. 5º 1.2. da Lei de creación). Son os referentes a asuntos ou materias (non comprendidos no anterior apartado) que sexan sometidos a consulta polo Consello da Xunta de Galicia ou polos seus membros. Aínda que a normativa do CES-Galicia non o especifique expresamente, a materia obxecto de dictame ten que moverse tamén nese ámbito obxectivo do económico-social que dá sentido ó Consello. Todo parece dar a entender que obxecto directo do Dictame solicitado debe ser un proxecto de disposición normativa (Decreto, Orden), porque para a solicitude de pronunciamentos do CES-Galicia sobre outros temas ábrese na Lei de creación a vía da solicitude de informes ou estudos (art. 5º.2).

A decisión de remitir ou non a consulta o proxecto de disposición admi-

nistrativa corresponde adóptala á consellería correspondente (ou o propio Consello da Xunta) en función da especial transcendencia económico-social do contido da disposición.

B• Elaborar **estudios** ou **informes** sobre reformas na normativa vixente ou sobre a elaboración de plans e programas para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

Estes traballos poden ser elaborados por propia iniciativa ou a solicitude da Xunta de Galicia e deberán versar “sobre as reformas na normativa vixente que se estimen necesarias para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade”.

C• Dar a coñecer ó Goberno galego a súa **opinión** sobre a execución dos **plans** e **programas** de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia, a través da emisión de **opinións-recomendacións** (art.5º 2 e 3). Ademais, o Consello pode, con ocasión da elaboración da súa Memoria sobre a situación económica e social de cada ano, plantexar recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Xunta.

D• Participar en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración autonómica para debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia e definir posibles liñas de actuación (Disposición Adicional Segunda). O CES-Galicia poderá propoñer á Xunta de Galicia a convocatoria de Mesas Sectoriais nas que participen non só as organizacións representadas no mesmo, senón tamén a Administración autónoma, ó obxecto de debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia, a fin de defini-las posibles liñas de actuación. Estas mesas sectoriais son tamén o instrumento para evacuar os informes requeridos pola normativa da Unión Europea, en aplicación do principio de cooperación.

E• Elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta unha **Memoria sobre a situación socioeconómica**, incluíndo, no seu caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria (art. 5º 3). O seu obxectivo é informar dos datos máis relevantes que configuran a realidade socioeconómica de Galicia no ano anterior á súa publicación.

COMPETENCIAS

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia, é dicir, as competencias do CES, son as materias socioeconómicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, "enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo".

O PROCEDEMENTO EXTERNO

O procedemento para que o Goberno galego solicite a actuación do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión, nos seguintes termos:

"1.- Correspóndelle ó Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de dictames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.

2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesaranos do presidente da Xunta.

A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteprojectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren dictame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ó expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o dictame, salvo no caso de que este finalmente se interese.”

Cómpre destacar que o funcionamento na Comunidade Autónoma do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) –a súa existencia e ámbito de actuación ven respetada pola propia Lei de creación do CES-Galicia na Disposición Derradeira Primeira– permite excluír do ámbito de competencias do CES as cuestións relativas ás relacións laborais, *strictu sensu*, xa que a competencia para informar ou dictaminar sobre a actividade normativa na que se concreta a política laboral da Xunta ven atribuída, pola súa lei de creación, o devandito Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). Este ámbito queda, polo tanto, fóra da actividade do CES.

Os membros do CES-Galicia

Para o cumprimento dos seus fins e funcións, a lei configura a composición e estrutura do Consello Económico e Social de Galicia en tres grupos, nos que están incluídas as organizacións, entidades e asociacións máis representativas do ámbito económico e social da comunidade autónoma.

ESTRUCTURA

O CES-Galicia está formado por 35 membros, incluídos o seu presidente e mailo secretario xeral. Os outros 33 membros están distribuídos en tres grupos:

- **Grupo 1:** Os seus once membros son designados polas organizacións sindicais en función da súa representatividade de acordo coa Lei Orgánica de Liberdade Sindical e co Estatuto dos Traballadores. O Consello conta con 4 membros designados polo Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia, 4 membros designados polo sindicato UGT-Galicia e 3 membros designados pola Confederación Intersindical Galega (CIG).

- **Grupo 2:** Os membros deste grupo do Consello son designados polas organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa. Os seus once membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

• **Grupo 3:** O grupo compóñeno 4 membros en representación do sector agrario (1 membro designado por Unións Agrarias, 1 membro designado polo Sindicato Labrego Galego, 1 membro designado por Xóvenes Agricultores e un máis designado pola Unión Sindical Agrarias); 2 membros, do sector marítimo pesqueiro (un da pesca de baixura e outro, do marisqueo), designados pola Confrarías de Pescadores; 2 membros designados polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e 3 membros designados polas Universidades de Galicia (cada Universidade designa un representante).

Cada un destes 33 membros ten un suplente para cubri-las súas posibles ausencias ás reunións do Pleno.

O mandato dos membros do CES é de catro anos, renovables por períodos iguais. No transcurso do mesmo, os membros poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designasen. Neste caso, o novo membro permanecerá no cargo ata o final de período previsto para o seu antecesor.

Os membros do CES, agás o secretario xeral, teñen **dereito** a participaren con voz e voto nas sesións do Pleno e das comisións das que formen parte; asistiren a calquera das comisións sectoriais e expresaren a súa opinión -previa autorización do seu presidente-; dispoñeren da documentación do Consello e de acceso ós traballos desenvolvidos por calquera dos órganos colexiados; presentaren mocións, suxerencias, textos alternativos e enmendadas para a súa consideración e deixaren constancia dos seus votos particulares, se os houbera, ós acordos adoptados.

No canto dos **deberes**, os membros do Consello teñen que asistiren ás sesións do Pleno e das comisións ás que pertencen e participaren nos seus traballos; gardaren reserva sobre as actuacións do Consello cando así o decidan os seus órganos e non faceren uso da condición de membro para exercer actividades privadas de carácter mercantil ou profesional.

COMPOSICIÓN

Membros titulares do Consello Económico e Social de Galicia a 31/12/2001

Presidente: • Luis Suárez-Llanos Gómez

Secretario xeral: • Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

GRUPO 1.- ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

S.N. CC.OO.
de Galicia

Xavier Montero Dongil
Eusebio Justo Santos
M^a Isabel Quintáns Rodríguez
J. Carlos Rodríguez Gesto

UGT - Galicia

Manuel Golpe Gómez
José Antonio Gómez Gómez
Delia Irene Martínez Conde
José Carlos Rodríguez del Río

CIG

Fernando Acuña Rúa
Manuel Currás Meira
Natividade López Gromaz

GRUPO 2.- ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

CEG

Fausto Santamarina Fernández
Ricardo Fernández Castro
Manuel Caeiro Varela
José Pablo Rodríguez-Mantiñán Martínez
Juan Silva Alvite
Antonio Martínez Vázquez
Eduardo Jiménez Domínguez
Manuel Sánchez Aguirre
Juan José Molinos Casal
Alfonso Varela Vázquez
Álvaro Martínez Riva

GRUPO 3.- OUTRAS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS

UU.AA.
S.L.G.
XX.AA.
U.S.Ag.

Roberto García González
Manuel Dacal Vázquez
Ricardo García-Borregón Millán
Leandro I. Quintas Saavedra

Confrarías pesca

Evaristo Lareo Viñas
Manuel Pazos Vázquez

C.G. Consumidores
e U.

Begoña Bonet Díez
Otilia Novegil Villanueva

Univ. A Coruña
Univ. Santiago
Univ. Vigo

Juan Jesús Fernández Caínzos
Manuel Castro Cotón
José Carlos Arias Moreira

Cada dun destes membros titulares do Consello ten o seu correspondente suplente, que é o encargado de acudir ás sesións do Pleno en caso de ausencia do titular. De seguido relacionanse na mesma orde dos titulares.

**Membros suplentes
do Consello Económico e Social de Galicia
a 31/12/2001**

GRUPO 1.- ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

S.N. CC.OO. de Galicia	Maica Bouza Seoane Manuel Lago Peñas Jesús Penedo Pallas Jaime López Golpe
UGT - Galicia	Mar Alfonsín Madrigal José Tomé Roca Rosa Arcos Caamaño Eusebio Oreana Martínez
CIG	Fernando Martínez Randulfe Xesús M. Mosquera Baamonde Xurxo Cordero Novo

GRUPO 2 - ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

CEG

-
Susana Budiño Rodríguez
José Antonio Neira Cortés
Javier García Ruiz
Julio de Santiago Boullón
Cristina Sanz Arias
Pablo Rancaño Otero
Sonia M^a Fernández Barciela
M^a José Fernández Robledo
Medardo Arias Prieto
Ángel Fernández Presas

GRUPO 3 - OUTRAS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS

UU.AA.
S.L.G.
XX.AA.
U.S.Ag.

Pedro González Boquete
Miguel Anxo Méndez López
Manuel D. Fontela Ríos
Enrique Martelo Villaverde

Confrarías pesca

Jesús Ramón Longueira Suárez
Francisco Javier Martínez Durán

C.G. Consumidores
e U.

Lourdes González Pérez
M^a Josefa Neira González

Univ. A Coruña
Univ. Santiago
Univ. Vigo

Jesús Martínez Girón
Ana Fernández Pulpeiro
Albino Prada Blanco

CAMBIOS DE MEMBROS DO CONSELLO EN 2001

A anterior relación de membros do Consello Económico e Social de Galicia recolle a composición dos grupos a 31 de decembro. Os cambios de membros designados polas distintas entidades e organizacións representadas no CES recóllense de seguido, a través dos decretos de nomeamento e cesamento de membros publicados ó longo do ano 2001.

- Decreto 16/2001 do 12 de xaneiro, polo que se dispón o cesamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Que cese como membro titular do CES-Galicia Genaro Amigo Chouciño.

DOG nº17, 24 de xaneiro de 2001

- Decreto 17/2001 do 12 de xaneiro, polo que se dispón o nomeamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Noméase como membro titular do CES-Galicia a Evaristo Lareo Viñas.

DOG nº17, 24 de xaneiro de 2001

- Decreto 33/2001 do 5 de febreiro, polo que se dispón o cesamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Que cese como membro suplente do CES-Galicia Alberto Gago Rodríguez.

DOG nº32, 14 de febreiro de 2001

- Decreto 34/2001 do 5 de febreiro, polo que se dispón o nomeamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Noméase como membro suplente do CES-Galicia a Albino Prada Blanco.

DOG nº32, 14 de febreiro de 2001

- Decreto 67/2001 do 21 de marzo, polo que se dispón o cesamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Que cese como membro titular do CES-Galicia Ignacio Pérez Calzado

DOG nº66, 3 de abril de 2001

- Decreto 68/2001 do 21 de marzo, polo que se dispón o nomeamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Noméase como membro titular do CES-Galicia a José Antonio Gómez Gómez

DOG nº66, 3 de abril de 2001

- Decreto 242/2001 do 4 de outubro, polo que se dispón o cesamento de varios membros do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Que cesen como membros titulares e suplentes do CES-Galicia:

Titulares:

Ramiro Oubiña Parracho

Manuel Mera Sánchez

Suplentes:

Luis Brugos Díaz

Alfonso Tellado Sande

Antolín Alcántara Álvarez

DOG nº193, 4 de outubro de 2001

- Decreto 243/2001 do 4 de outubro, polo que se dispón o nomeamento de varios membros do Consello Económico e Social de Galicia (CES-Galicia).

Artigo único.- Noméanse como membros titulares e suplentes do CES-Galicia:

Titulares:

Fernando R. Acuña Rúa

Manuel Currás Meira

Suplentes:

Xesús M. Mosquera Baamonde

Xurxo Cordero Novo

Fernando Martínez Randulfe

DOG nº193, 4 de outubro de 2001

Órganos do Consello

Para o cumprimento das súas funcións e para a participación efectiva dos seus membros nos distintos traballos que aborda o Consello, o CES-Galicia actúa a través de dous tipos de órganos:

- **Órganos colexiados:** o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais.
- **Órganos unipersonais:** o Presidente e o Secretario Xeral.

O Consello conta, como **órgano de apoio** ós seus membros, cun Gabinete Técnico, que, integrado por expertos en materias socioeconómicas, actúa baixo a dirección do Secretario Xeral.

O PLENO

O órgano de goberno do Consello Económico e Social é o Pleno, composto polos 33 membros representantes das distintas entidades, o secretario xeral e mailo presidente. Tódolos membros teñen dereito a voto nas sesións, agás o secretario.

O máximo órgano do CES reúnese con carácter ordinario unha vez cada trimestre e, de xeito extraordinario, sempre que sexa convocado polo presidente ou por acordo da Comisión Permanente.

O Pleno adopta os seus acordos por maioría simple de votos. Os casos de posible empate resólvense polo voto de calidade do seu presidente.

Este órgano é o encargado de establece-las liñas xerais da actuación do Consello, aproba-los estudos, informes ou dictames elaborados por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, acorda-la elaboración de estudos ou informes que podan favorecer o desenvolvemento socio-económico de Galicia e aproba-la memoria sobre a situación económica e social na comunidade. Nas vindeiras páxinas atópase un resumo das actividades do Pleno neste senso (apartado "Actuacións dos órganos colexiados").

Ademais, o Pleno do CES aproba a proposta de anteproxecto de orzamento e adopta tódolos acordos necesarios para a correcta organización e funcionamento interno do Consello.

A COMISIÓN PERMANENTE

A Comisión Permanente é o órgano colexiado colaborador do Pleno no goberno do Consello. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares do CES, a razón de tres representantes da cada un dos grupos do mesmo, para mante-la proporcionalidade da súa representación.

A Comisión Permanente reúnese sempre que é convocada polo presidente, pero tamén, se é o caso, por solicitude de, alomenos, tres dos seus membros. A Comisión é a encargada de convoca-lo Pleno e fixar, xunto co presidente, a correspondente orde do día da sesión.

Entre as súas funcións, destaca a supervisión das actividades do Consello e a coordinación dos traballos das diferentes comisións, así como efectua-lo seguimento dos dictames, estudos ou informes nos que estea a traballa-lo CES e darlle conta dos mesmos ó Pleno a través do presidente. En xeral, a Comisión Permanente eleva ó Pleno todo o que estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

Os **membros** da Comisión Permanente son os seguintes (a 31/12/2001):

C.P.	COMISIÓN PERMANENTE
CC.OO. UGT CIG	Xavier Montero Dongil Manuel Golpe Gómez Fernando R. Acuña Rúa
CEG	Fausto Santamarina Fernández Ricardo Fernández Castro Juan José Molinos Casal
XX.AA. Confrarías Univ. Vigo	Ricardo García-Borregón Millán Jesús Ramón Longueira Suárez José Carlos Arias Moreira

Membros **suplentes** da Comisión Permanente a 31/12/2001:

C.P. COMISIÓN PERMANENTE

CC.OO.
UGT
CIG

J. Carlos Rodríguez Gesto
Mar Alfonsín Madrigal
Xesús Mosquera Baamonde

CEG

-
José Antonio Neira Cortés
Susana Budiño Rodríguez

XX.AA.
Confrarías
Univ. Vigo

Manuel D. Fontela Ríos
Evaristo Lareo Viñas
Albino Prada Blanco

AS COMISIÓNS SECTORIAIS

As comisións sectoriais son grupos de traballo que teñen asignadas as tarefas cotiás do Consello. Cada unha delas está composta por nove membros, tres por cada un dos grupos representados no CES-Galicia.

En xeral, os traballos do CES están repartidos en catro comisións sectoriais de carácter permanente, das que os seus cometidos e denominacións foron modificados neste ano. O novo reparto de tarefas, segundo o acordo de modificación do Regulamento de Réxime Interior do CES adoptado polo Pleno na súa sesión do 22 de febreiro de 2001, que foi publicado no Diario Oficial de Galicia do 15 de marzo de 2001, quedou do seguinte xeito:

- Comisión Sectorial número 1 (CS-1), *Economía, emprego e sectores productivos.*
- Comisión Sectorial nº 2 (CS-2), *Sector público e benestar social.*
- Comisión Sectorial nº 3 (CS-3), *Desenvolvemento rexional.*
- Comisión Sectorial nº 4 (CS-4), *Memoria anual sobre a situación socioeconómica.*

Nas páxinas seguintes relaciónanse os **membros** que compoñen estas comisións sectoriais.

C.S. 1.- Economía, emprego e sectores productivos

CC.OO.
UGT
CIG

Eusebio Justo Santos
José Antonio Gómez Gómez
Manuel Currás Meira

CEG

Ricardo Fernández Castro
José P. Rodríguez-Mantiñán Martínez
Antonio Martínez Vázquez

USAg
Confrarías
C.G. Consum.

Leandro I. Quintas Saavedra
Jesús Ramón Longueira Suárez
Begoña Bonet Díez

C.S. 2.- Sector público e benestar social

CC.OO.
UGT
CIG

M^a Isabel Quintáns Rodríguez
Delia Irene Martínez Conde
Fernando R. Acuña Rúa

CEG

Manuel Caeiro Varela
Antonio Martínez Vázquez
Álvaro Martínez Riva

SLG
C.G. Consum.
Univ. Coruña

Manuel Dacal Vázquez
Otilia Novegil Villanueva
Juan Jesús Fernández Caínzos

C.S. 3.- Desenvolvemento rexional

CC.OO. UGT CIG	Xavier Montero Dongil J. Carlos Rodríguez del Río Xesús Mosquera Baamonde
CEG	Fausto Santamarina Fernández Eduardo Jiménez Domínguez Manuel Sánchez Aguirre
Unións Agrarias Confrarías Univ. Santiago	Roberto García González Manuel Pazos Vázquez Manuel Castro Cotón

C.S. 4.- Memoria socioeconómica de Galicia

CC.OO. UGT CIG	J. Carlos Rodríguez Gesto Manuel Golpe Gómez Natividade López Gromaz
CEG	Juan Silva Alvite Juan José Molinos Casal Alfonso Varela Vázquez
XX.AA. C.G. Consum. Univ. Vigo	Ricardo García-Borregón Millán Otilia Novegil Villanueva José Carlos Arias Moreira

O PRESIDENTE

O Presidente do CES é nomeado, para un período de catro anos, polo Presidente da Xunta de Galicia, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, despois de consultar ás entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello.

As competencias específicas atribuídas ó Presidente pola normativa do Consello son, entre outras, as seguintes:

- Representa-lo Consello e dirixi-las súas actuacións, en colaboración coa Comisión Permanente.
- Dirixi-los debates dos órganos colexiados que presida, dar por concluídos éstos cando considere que a deliberación foi suficiente, someter a votación as propostas correspondentes e proclama-los resultados delas.
- Dirimi-los eventuais empates co seu voto de calidade.
- Trasladar ás comisións sectorias correspondentes as solicitudes de dictames, estudos ou informes recibidas e face-lo seguimento do procedemento establecido para a súa elaboración e posterior aprobación polo órgano competente.
- Visa-las actas, ordena-la publicación dos acordos e dispoñe-lo necesario para o seu cumprimento.
- Remiti-los dictames, informes ou estudos á Xunta de Galicia e os conselleiros.
- Executa-los acordos do Pleno e maila Comisión Permanente e velar polo bo funcionamento do Consello.

O SECRETARIO XERAL

O Secretario Xeral é o órgano de asistencia técnica e administrativa do Consello e o depositario da fe pública dos seus acordos. É nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, entre funcionarios do grupo A, despois de consulta-las entidades, organizacións e asociacións representadas no CES.

Entre outras, corresponden ó Secretario Xeral as seguintes competencias específicas:

- Exerce-la dirección administrativa e técnica dos distintos servizos do Consello e velar por que os seus órganos actúen conforme ós principios xerais que informan as actuacións das administracións públicas.
- Redacta-las actas das sesións, as que asiste con voz pero sin voto, autoriza-las coa súa sinatura e da-lo curso correspondente ós acordos que se adopten.
- O Secretario Xeral exerce a xefatura do persoal do Consello, a dirección do Gabinete Técnico e é o depositario dos fondos do CES, formula as propostas de gasto e libra os pagamentos autorizados.

O GABINETE TÉCNICO

O Gabinete Técnico é un órgano de apoio ó Consello e actúa baixo a dirección do Secretario Xeral. O Gabinete conta con dous expertos economistas que están a desenvolver-las distintos traballos encetados polo Consello: a Memoria anual, os informes e mailos dictames solicitados pola Xunta de Galicia.

Procedementos internos

O seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o procedemento xeral como os distintos procedementos específicos.

Procedemento xeral:

O procedemento xeral iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun dictame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ó presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. Á vez, notifícase esa remisión ós membros da Comisión Permanente.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servizos técnicos do Consello, en particular do Centro de Documentación e do Gabinete

Técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramiento de expertos externos.


Unha vez rematado o traballo e redactado o dictame, informe ou estudo, entrégaselle ó presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello.


No caso de que a aprobación corresponda ó Pleno, a Comisión Permanente limitarase a coñecer-lo texto remitido pola comisión sectorial e convoca-la celebración da sesión plenaria. Antes da data sinalada, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ó texto proposto. Se se trata de enmendas totais, éstas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles enmendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficiente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Procedementos específicos:

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio procedemento específico de elaboración aprobado pola Comisión Permanente. Nos esquemas (fluxogramas) das páxinas seguintes recóllense os procedementos de elaboración de dictames e de informes e memoria.





Actuacións dos órganos colexiados

A descrición da actividade do Pleno, da Comisión Permanente e das distintas Comisións Sectoriais está organizada por sesións e, dentro das mesmas, dase conta dos puntos máis salientables dos tratados, segundo constan nas correspondentes actas.

O Pleno do Consello celebrou en 2001 un total de 10 sesións. Pola súa banda, a Comisión Permanente reuniuse en 12 ocasións ó longo do ano, mentres a actividade das diferentes Comisións Sectoriais foi moi variada:

CS-1: 21 sesións.

CS-2: 13 sesións.

CS-3: 4 sesións.

CS-4: 9 sesións.

ACTIVIDADE DO PLENO

• Sesión 1/01 (22 de febreiro)

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o Dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia.

Acorda tamén aprobar por unanimidade o Dictame sobre o anteproxecto de Lei protección do ambiente atmosférico de Galicia.

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o Dictame sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

No punto 6º da orde do día, acórdase aprobar por unanimidade, con 27 membros presentes, máis o Presidente, a proposta de modificación do artigo 28 do Regulamento de Réxime Interno do CES-Galicia, que queda redactado como sigue:

"Artigo 28. Clases.

As comisións sectoriais, como grupos de traballo para a elaboración dos proxectos de estudio, informes ou dictames do Consello, poden ser de carácter permanente ou específicas. Terán a condición de comisións sectoriais permanentes as seguintes:

- 1.- Economía, emprego e sectores productivos.*
- 2.- Sector público e benestar social.*
- 3.- Desenvolvemento rexional.*
- 4.- Memoria anual sobre a situación socioeconómica.*

O Pleno do Consello poderá acorda-la constitución da comisións sectoriais específicas para a redacción dos estudos, informes ou dictames que se determinen no acordo de constitución, establecendo a súa composición e fixando as súas directrices."

O Pleno acordou tamén solicita-la comparecencia do conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, do conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais e do conselleiro de Medio Ambiente sobre a encefalopatía esponxiforme bovina (EEB).

Acórdase realizar un Informe-opinión sobre a encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), centrado na preservación da saúde dos cidadáns e cun contido a definir despois das comparecencias solicitadas.

• Sesión **2/01** (7 de marzo)

De xeito extraordinario, esta sesión tivo lugar en Lugo, na sede da Xunta de Galicia nesa cidade.

O Pleno acordou aprobar, por unanimidade, o informe sobre as áreas funcionais de Galicia: II.- Área funcional de Lugo.

Acordouse tamén aprobar, de novo por unanimidade, o informe-opinión sobre o Libro branco da enerxía de Galicia.

• Sesión **3/01** (22 de marzo)

Comparecencia da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude diante do Pleno para presenta-lo "Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)".

Na súa intervención, a conselleira solicitou do CES un informe opinión sobre o dito plan.

• Sesión **4/01** (18 de abril)

O Pleno acorda aprobar, por unanimidade, o dictame sobre o anteproxecto de Lei de Vivenda de Galicia.

• Sesión **5/01** (25 de abril)

Comparecencia dos conselleiros de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, de Sanidade e Servizos Sociais e de Medio Ambiente, sobre a encefalopatía esponxiforme bovina (EEB).

Na súa intervención, os conselleiros informaron das actuacións das súas consellerías en relación á EEB en Galicia.

• Sesión **6/01** (4 de xuño)

O Pleno acorda aprobar, por unanimidade, o anteproxecto de orzamentos do CES-Galicia para o ano 2002.

Aprobouse tamén, por unanimidade, a relación de postos de traballo do persoal laboral do CES-Galicia.

• Sesión **7/01** (10 de xullo)

Comparecencia do conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia diante do Pleno para presenta-lo novo marco de axudas en desenvolvemento do Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia.

• Sesión **8/01** (19 de xullo)

O Pleno acordou aprobar por maioría (19 votos a favor, 2 votos en contra e 4 abstencións) o informe sobre a Situación e perspectivas do sector do marisqueo a pé en Galicia.

De seguido, o Pleno acordou aprobar, por unanimidade, o dictame sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica.

• Sesión **9/01** (29 de outubro)

O Pleno acordou aprobar por unanimidade a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000.

Acordouse tamén aproba-la proposta de elaboración dun informe a iniciativa propia sobre a Mobilidade xeográfica e movementos migratorios en Galicia, que foi encargado á Comisión Sectorial nº 2.

Nesta sesión, o Pleno acordou designar a D. Fernando R. Acuña Rúa como membro titular e a D. Xesús Mosquera Baamonde como membro suplente da Comisión Permanente en representación da CIG.

• Sesión **10/01** (23 de novembro)

O Pleno acorda aprobar por unanimidade o informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

ACTIVIDADE DA COMISIÓN PERMANENTE

- Sesión **1/01** (14 de febreiro)

Acórdase tramita-la proposta de Dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia e da proposta de dictame sobre o anteproxecto de Lei protección do ambiente atmosférico de Galicia.

Acórdase tamén, polo trámite de urxencia, tramita-la proposta de dictame sobre o anteproxecto de decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento das actividades empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Acórdase convocar un Pleno, a mediados de marzo, para a comparecencia da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Acórdase, asimesmo, incluír na orde do día do Pleno a proposta de informe opinión e solicitude de comparecencia do conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e do conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais sobre a encefalopatía esponxiforme bovina (EEB). O posible contido do informe opinión fixarase despois das comparecencias

- Sesión **2/01** (22 de febreiro)

Acórdase tramita-la proposta de informe-opinión sobre o Libro branco da enerxía de Galicia e a proposta de informe sobre as áreas funcionais de Galicia. II.- Área de Lugo.

- Sesión **3/01** (26 de marzo)

Acórdase que a Presidencia realice, dentro do marco xurídico e orzamentario do Consello, unha proposta de modificación do sistema de organización do traballo e das condicións laborais do persoal laboral ó servizo do CES. Dita proposta debe mellorar e todo o posible o funcionamento do CES e as condicións laborais do seu persoal.

• Sesión **4/01** (4 de abril)

Acórdase tramita-la proposta de Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Vivenda de Galicia.

A Comisión acordou tamén aprobar por unanimidade a proposta de modificación dos sistemas de organización do traballo e das condicións laborais do persoal laboral ó servizo do Consello Económico e Social de Galicia, condicionada a autorización previa da Dirección Xeral de Presupostos e da Dirección Xeral da Función Pública da Xunta de Galicia, para a súa posterior aprobación polo Pleno do CES.

• Sesión **5/01** (2 de maio)

Acórdase aproba-lo anteproxecto de presupostos do Consello Económico e Social de Galicia para o ano 2002, como trámite previo á súa discusión e aprobación polo Pleno do Consello.

• Sesión **6/01** (28 de maio)

Acórdase a elaboración dun informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases), a solicitude da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Acórdase que a Comisión nº 1: Economía, emprego e sectores produtivos, realice dito informe opinión, unha vez remate o Informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia".

• Sesión **7/01** (27 de xuño)

Infórmase do contido do acordado no sesión nº.: 01/01 da Mesa Sectorial Específica de Cooperación do Consello Económico e Social de Galicia, respecto a participación dos interlocutores económicos e sociais no Comité de Seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006.

• Sesión **8/01** (2 de xullo)

Acórdase convoca-lo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia para a comparecencia do conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia diante do Pleno para presenta-lo novo marco de axudas en desen-

volveremento do Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia

• Sesión **9/01** (10 de xullo)

Acórdase amplia-la orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro día 19 de xullo co obxecto de incluí-la proposta de aprobación do dictame sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica.

• Sesión **10/01** (11 de outubro)

Acórdase tramita-la proposta da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000.

Acórdase por unanimidade, incluír na orde do día do vindeiro Pleno a proposta de informe, a iniciativa propia, sobre a "mobilidade xeográfica e os movementos migratorios en Galicia". Proponse que sexa a Comisión Sectorial nº 2 a encargada da elaboración do informe.

• Sesión **11/01** (7 de novembro)

Acórdase tramita-la proposta de informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **12/01** (19 de decembro)

Acórdase, entre outras propostas para o vindeiro ano, que en 2002 se realice o informe sobre o area funcional de O Monforte-O Barco.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 1: ***ECONOMÍA, EMPREGO E SECTORES PRODUCTIVOS***

Presidencia: Grupo III, Confrarías de pescadores

- **Sesión 1/01** (18 de xaneiro)

Acórdase o calendario de traballo para as sesións de elaboración do Informe-opinión sobre o "Libro branco da enerxía de Galicia", así como o procedemento de remisión de consideracións ós seus distintos puntos.

- **Sesión 2/01** (24 de xaneiro)

Acórdase o calendario de sesións para a elaboración do dictame sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia:

Acórdase solicita-la presenza da Directora Xeral do IGAPE, como autoridade administrativa da Comunidade Autónoma, para que expoña, na sesión da Comisión do martes 30 de xaneiro, o alcance e contido do proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia

Acórdase aproba-la proposta de consideracións ós apartados 1, 2 e 3 do Libro branco da enerxía de Galicia, unha vez introducidas as modificacións aprobadas nesta sesión.

- **Sesión 3/01** (25 de xaneiro)

Acórdase que o CES redacte unha nova proposta de consideracións para o informe-opinión, incluíndo as propostas debatidas nesta sesión.

Acórdase convocar a vindeira sesión para trata-lo Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. II.- Área de Lugo.

- **Sesión 4/01** (30 de xaneiro)

Comparecencia da directora xeral do Igape sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia.

• Sesión **5/01** (7 de febreiro)

Continúa o debate e aprobación da proposta de consideracións a novos apartados para o informe-opinión sobre o Libro branco da enerxía de Galicia.

• Sesión **6/01** (12 de febreiro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade a proposta de texto definitivo do Dictame sobre o proxecto de "Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento das iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia" e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

• Sesión **7/01** (19 de febreiro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade a proposta de consideracións e o texto definitivo do Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. II.- Área funcional de Lugo e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

• Sesión **8/01** (21 de febreiro)

Nunha sesión celebrada na localidade coruñesa de As Pontes, a Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta informe-opinión sobre o Libro branco da enerxía de Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

• Sesión **9/01** (19 de abril)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade, coas observacións introducidas nesta sesión, o texto definitivo da proposta do Título I.- Marco xurídico, do informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia".

• Sesión **10/01** (4 de maio)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta do Título II.- Recursos do marisqueo a pé e as consideracións sobre dito título, do informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia".

Acórdase pospoñer a programación das sesións para a elaboración dun informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases) á decisión da vindeira Comisión Permanente sobre a súa oportunidade.

• Sesión **11/01** (16 de maio)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta do Título III.- Planificación dos recursos e as consideracións sobre dito título, do informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia".

• Sesión **12/01** (31 de maio)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta do Título IV.- Modelos de xestión, e as consideracións sobre dito título, do informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia".

• Sesión **13/01** (14 de xuño)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta do Título V.- Indicadores socioeconómicos, e as consideracións sobre dito título, do informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia".

• Sesión **14/01** (2 de xullo)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por maioría o texto definitivo da proposta de informe sobre a "Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia" e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

Estableceuse tamén a programación das sesións para a elaboración de informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **15/01** (3 de setembro)

A Comisión aborda a elaboración do Informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **16/01** (16 de setembro)

Continúan os traballos de elaboración do Informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **17/01** (17 de setembro)

Continúan os traballos de elaboración do Informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **18/01** (24 de setembro)

Continúan os traballos de elaboración do Informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **19/01** (24 de setembro)

Continúan os traballos de elaboración do Informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases).

• Sesión **20/01** (18 de outubro)

A Comisión Sectorial acorda que se elabore a proposta definitiva do Informe-opinión sobre o Plan de Revitalización Demográfica de Galicia (bases), coas consideracións aprobadas nesta sesión.

• Sesión **21/01** (29 de outubro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta de Informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases) e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 2:

SECTOR PÚBLICO E BENESTAR SOCIAL

Presidencia: Grupo I, S.N. CC.OO. de Galicia

- **Sesión 1/01** (8 de xaneiro)

Acórdase o calendario da programación das sesións para a elaboración do dictame sobre o anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia e para a elaboración do dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia.

- **Sesión 2/01** (18 de xaneiro)

Debate do dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia.

Acórdase convocar para a vindeira sesión á Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente para explicar o alcance de dito anteproxecto, co obxecto de concretar as consideracións a exposición de motivos e o artigo 1º.

- **Sesión 3/01** (22 de xaneiro)

O representante da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente expón os antecedentes e a filosofía do anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia. Destaca a necesidade, por esgotamento do prazo, de adapta-las nosas disposicións legais á Directiva 96/61/CE del Consello, de 24 de setembro de 1996 e o enfoque integrado das competencia na concesión de permisos.

A Comisión continúa cos traballos para a elaboración do dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia.

- **Sesión 4/01** (29 de xaneiro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por maioría a proposta de texto definitivo do "Dictame sobre o anteproxecto de lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia" e remitilo ó Presidente do Consello

para o seu traslado á Comisión Permanente e a súa posterior aprobación polo Pleno.

• Sesión **5/01** (1 de febreiro)

Traballos de elaboración do dictame sobre o anteproxecto de Lei de protección do medio atmosférico de Galicia.

• Sesión **6/01** (5 de febreiro)

Continúa a elaboración do dictame sobre o anteproxecto de Lei de protección do medio ambiente atmosférico de Galicia.

• Sesión **7/01** (8 de febreiro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade a proposta de texto definitivo do Dictame sobre o anteproxecto de Lei de protección do medio atmosférico de Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

• Sesión **8/01** (8 de marzo)

Acórdase o calendario e programación das sesións da comisión e revisión da documentación para a elaboración, polo trámite ordinario, dun Dictame sobre o anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia.

• Sesión **9/01** (14 de marzo)

Debátense distintos artigos do anteproxecto para a elaboración do Dictame sobre o anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia.

• Sesión **10/01** (21 de marzo)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade a proposta de texto do Dictame sobre o anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia.

• Sesión **11/01** (28 de marzo)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade a proposta de texto definitivo do Dictame sobre o anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

- Sesión **12/01** (27 de xuño)

Acórdase o calendario de sesións para aproba-la proposta de dictame, de carácter facultativo, sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica.

- Sesión **13/01** (9 de xullo)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo do dictame sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente e aprobación polo Pleno.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 3:

DESENVOLVEMENTO REXIONAL

Presidencia: Grupo II, Confederación de Empresarios de Galicia

- Sesión **1/01** (8 de outubro)

Programación das sesións para a elaboración do informe sobre as áreas funcionais de Galicia. III.- Área funcional de Pontevedra.

- Sesión **2/01** (15 de novembro)

Continúan os traballos de elaboración do informe sobre as áreas funcionais de Galicia. III.- Área funcional de Pontevedra.

- Sesión **3/01** (22 de novembro)

A Comisión segue cos seus traballos de elaboración do informe sobre as áreas funcionais de Galicia. III.- Área funcional de Pontevedra.

- Sesión **4/01** (20 de decembro)

A Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade o texto definitivo da proposta de Informe sobre as áreas funcionais de Galicia. III.- Área funcional de Pontevedra e remiti-lo ó Presidente do Consello para o seu

traslado á Comisión Permanente e a súa posterior aprobación polo Pleno do Consello.

ACTIVIDADE DA COMISIÓN SECTORIAL Nº 4:
MEMORIA ANUAL SOBRE A SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA
Presidencia: Grupo III, Xóvenes Agricultores

• Sesión **1/01** (15 de febreiro)

Acórdase aproba-la proposta de metodoloxía e contido das consideracións sobre a situación económica e social de Galicia para 2000.

Acórdase aproba-la proposta de introducción de novas estatísticas para a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000, incluír, se está dispoñible, a estatística de salarios e custos laborais no apartado de emprego e substituír, se están dispoñibles, os datos de Funcas polos datos do INE.

• Sesión **2/01** (11 de xuño)

A Comisión acorda a programación das sesións sobre a proposta de consideracións da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2000.

• Sesión **3/01** (28 de xuño)

Debate das consideracións sobre a situación económica (capítulo I) da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2000.

• Sesión **4/01** (5 de xullo)

Debate das consideracións sobre o emprego (capítulo II) da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2000.

• Sesión **5/01** (12 de xullo)

Debate das consideracións sobre os sectores productivos (capítulo III) da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2000.

- Sesión **6/01** (19 de xullo)

Debate das consideracións sector público e benestar social (capítulo IV) da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2000.

- Sesión **7/01** (26 de xullo)

Debate das consideracións sobre desenvolvemento rexional (capítulo V) da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2000.

- Sesión **8/01** (21 de setembro)

Debate do borrador completo da Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000.

- Sesión **9/01** (4 de outubro)

Acórdase aproba-lo borrador da “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia do ano 2000” e remitilo ó Presidente do Consello para o seu traslado á Comisión Permanente, como trámite previo á convocatoria do Pleno, en cumprimento do artigo 5º da Lei de creación do Consello.

ACTIVIDADE DA MESA SECTORIAL ESPECÍFICA DE COOPERACIÓN

• Sesión **1/01** (18 de xuño)

Acórdase propoñer o Comité de Seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006, a seguinte redacción do artigo 3º.- Coordinación cos interlocutores económicos e sociais, do proxecto de Regulamento Interno de dito Comité, que figura, para a súa aprobación, na orde do día da súa sesión do 20 de xuño de 2001.

“A participación dos interlocutores económicos e sociais no seguimento do Programa Operativo Integrado de Galicia para o período 2000-2006, prevista no artigo 17.2.d) do Regulamento (CE) 1260/1999 e no apartado 6.3.3. das disposicións de aplicación do dito programa, levarase a cabo mediante convocatorias expresas cursadas á Mesa sectorial Específica de Cooperación do Consello Económico e Social de Galicia para as reunións do Comité de Seguimento. A Mesa, á vista da orde do día da sesión do Comité, determinará a asistencia dun máximo de catro interlocutores económicos e sociais nela representados”.

• Sesión **2/01** (24 de outubro)

Acórdase o seguinte procedemento interno de funcionamento da mesa sectorial específica de cooperación do CES, os efectos da súa participación no Comité de Seguimento do programa operativo de Galicia para o período 2000-2006:

1. De acordo artigo 3º.- Coordinación cos interlocutores económicos e sociais, do Regulamento Interno do Comité de seguimento do programa operativo de Galicia para o período 2000-2006, a mesa sectorial específica de cooperación do CES se reunirá con carácter ordinario antes das reunións dos Comités de Seguimento.

2. As reunións da mesa sectorial específica de cooperación do CES serán convocadas pola Presidencia, al menos cunha semana de antelación á

data da reunión de dita mesa, remitindo, coa convocatoria, a orde do día, a documentación recibida a utilizar no Comité de Seguimento e a documentación adicional que resultara oportuna.

Actividade institucional

O presidente é o principal protagonista da actividade institucional do Consello Económico e Social de Galicia cando ésta se centra nas relacións cos membros da Xunta de Galicia, o Parlamento galego e os outros Consellos Económicos e Sociais. As comparecencias de representantes da Administración autonómica para informar de aspectos relevantes da actividade dos seus respectivos departamentos ou para presentar documentos para o seu debate e a correspondente aportación de suxestións por parte dos membros do CES foron, como en anos anteriores, habituais ó longo de 2001.

• **Encontros**

Como cada ano, o presidente e mailo secretario xeral do CES-Galicia participaron nos encontros dos responsables dos Consellos Económicos e Sociais das Comunidades Autónomas, que en 2001 tiveron lugar en Madrid e en Canarias. Nesas reunións, analizáronse distintos aspectos da realidade cotián do labor dos CES.

Ademais, o presidente do CES-Galicia mantivo unha fluída relación cos membros da Xunta de Galicia y co seu presidente, co que tivo a ocasión de compartir diversos actos institucionais.

• **Comparecencias**

Aínda pendente –ó remate de 2001– a habitual comparecencia do presidente do CES-Galicia no Parlamento de Galicia, diante da Comisión de Asuntos Económicos, para explica-los presupostos do organismo para o vindeiro exercicio (o retraso estivo motivado pola celebración de comicios autonómicos no último trimestre do ano), na actividade de 2001 volveu a salien-

ta-la presenza na sede do Consello de distintos membros da Administración autonómica que, por propia iniciativa ou a petición do CES, acudiron a presentar distintas actuacións ou plans dos seus respectivos departamentos.

Conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

A conselleira compareceu diante do Pleno, a petición propia, para presenta-lo Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases). Despois da súa intervención, a representante do Goberno galego solicitou do Consello a elaboración dun informe-opinión sobre o contido do Plan.

Conselleiros de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, de Sanidade e Servizos Sociais e de Medio Ambiente

Os tres conselleiros acudiron, nunha comparecencia conxunta, para explicar as actuacións dos seus respectivos departamentos na crise desatada pola aparición de casos de encefalopatía esponxiforme bovina en reses de Galicia.

Conselleiro de Economía e Facenda

O conselleiro compareceu diante do Pleno, a petición propia, para presenta-lo novo marco de axudas en desenvolvemento do Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia. Esta información sirviu para que o CES encetara a elaboración dun dictame sobre o dito decreto.

Directora xeral do Igape

A directora xeral do Igape compareceu diante da Comisión Sectorial 1 para facilitar información polo miúdo sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia.

Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente

Representantes da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente compareceron diante da Comisión Sectorial nº 2 para expoñer os antecedentes e a filosofía do anteproxecto de Lei de prevención e control integridados da contaminación de Galicia.

As súas explicacións aportaron información que sirviu para a redacción do correspondente dictame do CES.

● **Cursos e xornadas**

As instalacións da sede do Consello Económico e Social de Galicia en Santiago de Compostela acolleron en 2001 varios actos organizados por entidades representadas no CES ou outras organizacións.


A CIG organizou un encontro entre representantes sindicais no sector da enerxía de Galicia, Portugal e Francia que se celebrou nas instalacións do Consello o 14 de febreiro.

O día 21 de maio, a sala do Pleno acolleu unha reunión de delegados de Comisións Obreiras sobre a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea e a cidadanía europea: a perspectiva sindical.

O Consello Galego de Relacións Laborais utilizou as salas do Consello para unha reunión o 18 de xuño. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Relacións Laborais celebrou no CES un cursiño dunha semana no mes de novembro adicado.

A sala do Pleno sirviu tamén de escenario para a celebración dunha xornada organizada polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) sobre Pobreza e inclusión social en Galicia. A xornada tivo lugar o 19 de decembro.

Organigrama técnico-administrativo



- O responsable do **Gabinete da Presidencia** asume as funcións de coordinación final das tarefas do Consello e tamén as relacións externas e de comunicación do organismo. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e das publicacións do CES.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

O gabinete asume tamén as funcións de coordinación das publicacións institucionais do Consello, entre elas a presente memoria. Como o ano pasado, inclúense os dictames emitidos polo CES a texto completo. Tanto a memoria como os dictames poden tamén ser consultados na páxina web do Consello: **www.ces-galicia.org**.

- O **Gabinete Técnico**, composto por dous expertos economistas, é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e dictames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. A súa función é trata-las referencias estatísticas que se consideren pertinentes para o traballo, analízalas e preparar unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais.

O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes que está a elaborar o Consello, agás as correspondentes consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

Tamén traballa, en coordinación coas Comisións Sectoriais, nos distintos dictames encargados ó CES polas autoridades da Xunta.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- O responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de tódalas funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo, ademais do asesoramento xurídico-administrativo ó Consello.

O responsable do Centro de Documentación e apoio ó Consello segue a cumprir o seu papel como unha das piezas claves para o correcto e máis eficiente funcionamento do CES. A súa función é facilitar ós membros do Consello e ó Gabinete Técnico tódolos materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións.

- O **Centro de Documentación** é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ó Pleno do CES tódolos datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Ter a disposición dos membros do Consello tódolos fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes e xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

O Centro de Documentación e Apoio ó Consello ofrece información especializada na área socioeconómica ós membros do CES-Galicia e ó persoal técnico deste. Constitúese como un soporte informativo-documental para a elaboración dos informes, dictames e outros traballos realizados polo Consello.

Aínda que o seu obxectivo fundamental é facilitar os últimos e máis fiables datos ós membros do Consello, o Centro de Documentación está aberto a calquera cidadán que necesite dispoñer de información especializada na realidade económica e social de Galicia, tanto nos soportes tradicionais como a través das novas tecnoloxías da información. De feito, internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento nestas últimas datas.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ó traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello en internet.

Unha vez consolidada a posta a punto da rede que permite conectar e operar dun xeito conxunto a tódolos ordenadores do CES, tanto dos seus servizos internos como os asignados ós distintos grupos representados no Consello, e rematadas as xestións para o acceso ás redes informáticas externas, tanto nacionais como internacionais –o que permite acceder desde as dependencias do CES a calquera base de datos ou arquivo informático de información existente no mundo–, os técnicos da unidade deseñaron e “colgaron” na rede unha páxina web propia do Consello, independente pero integrada no sitio da Xunta de Galicia, e vinculada, a través dos correspondentes enlaces cunha páxina común de tódolos Consellos Económicos e Sociais de España.

O traballo conxunto dos servizos informáticos e mailo Centro de Documentación permite que, dun xeito case que inmediato, os membros do Consello dispoñan da práctica totalidade da información existente sobre un determinado asunto obxecto de análise por parte do CES e, xa que logo, que as conclusións dos dictames, estudos ou informes que elaboren as distintas comisións e aprobe o CES estean baseados nos datos máis fiables e actualizados.

Calquera membro do Consello pode solicitar do Centro de Documentación a información sobre calquera materia que necesite para os seus traballos. Desde este servizo, ben a través dos fondos propios ou ben, vía rede informática, nas bibliotecas o centros de datos de calquera parte do mundo, se lle facilitan as principais referencias existentes sobre o asunto.

Deste xeito, os membros do Consello teñen á súa disposición as máis importantes bases de datos do mundo desde a pantalla dos ordenadores instalados nas oficinas dos seus grupos na sede do Consello.

- Tres **auxiliares administrativos** técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

Actividade administrativa

Segundo a estrutura dos servizos administrativos do Consello que se viu nas páxinas anteriores, este apartado é unha somera descrición do traballo do mesmo no ano 2001.

Gabinete da Presidencia

A utilización do correo electrónico para facer chegar as convocatorias, a documentación e calquera tipo de datos ós membros das correspondentes comisións consolidouse como unha realidade no traballo diario do CES neste ano.

Na vertente da comunicación externa, a base da política de exteriorización é a publicación dos traballos do Consello e a súa remisión ós líderes de opinión do entorno socioeconómico de Galicia (cargos políticos, parlamentarios, profesores universitarios...) e a institucións de fóra de Galicia (como outros CES, comunidades galegas no exterior...).

Unha vez aprobado un informe, a súa exteriorización comeza cunha rolda de prensa de presentación ós medios de comunicación, que serve para que o conxunto da sociedade teña noticia da opinión do Consello sobre o

asunto de que se trate. De seguido, faise un envío da publicación a institucións e persoeiros seleccionados. Nas presentacións, o presidente do Consello fala da xénese do traballo, das distintas fases do mesmo e remite ó seu contido, ás consideracións, sen salientar ningunha delas en concreto. O obxectivo desta política é non destacar un só aspecto de un estudio –memoria, informes...– que, pola súa propia natureza, é sempre complexo.

Como cada ano, tivo unha boa acollida na prensa a publicación da “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia”, correspondente neste caso a 2000. O seu contido foi de interese informativo en tódolos medios de comunicación de Galicia, que recolleron algunhas das consideracións aportadas polos membros do CES neste traballo.

O mesmo cabe dicir da presentación da segunda entrega do informe sobre as áreas funcionais de Galicia, correspondente á área funcional de Lugo. O Pleno de aprobación celebrouse na capital lucense e foi seguido dunha rolda de prensa á que se invitou ós medios locais. A boa acollida reflectiuse nunha notable presenza nos informativos da cidade.

Departamento de Xestión

O presuposto do CES-Galicia inclúese nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma, como Sociedade Pública adscrita á Consellería de Economía e Facenda. No exercicio de 2001 o CES contou cun orzamento de 161 millóns de pesetas. O Balance de Situación do CES a 31 de decembro de 2001 foi o seguinte:

CES-Galicia: Balance de situación a 31/12/01

ACTIVO	
Elementos de transporte	3.498.000
Mobiliario e material	24.732.147
Equipos procesos informa.	10.522.420
Amortización inmob. mater.	-11.184.507
Contas financeiras	46.838.961
Total activo	74.407.021
PASIVO	
Patrimonio	38.752.567
Facenda Pública acreed. por IRPF	3.244.159
Dereitos pasivos	54.860
Seguridade Social acreedora	941.217
Muface	12.010
Ingresos anticipados	31.402.208
Total pasivo	74.407.021

Centro de Documentación

Ó longo do ano 2001, o Centro de Documentación e Apoio ó Consello proseguiu as súas actividades como servizo de información para os membros e persoal técnico do CES, así como centro aberto ó público en xeral.

Estas foron algunhas das súas realizacións neste ano:

Novidades bibliográficas

Como estaba previsto, o Centro de Documentación creou un novo produto de difusión das súas actividades: unha folla de novidades bibliográficas, nas que se recollen as referencias de tódalas publicacións recibidas no Centro.

A Folla, de periodicidade quincenal, estrutúrase en dous partes: dunha banda, as publicacións de tipo estatístico e doutra, as monografías e/ou estudos recibidos.

O seu envío está limitado na actualidade ós membros e persoal do CES, pero proximamente ofrecérase a posibilidade de ser recibida por calquera persoa, algo que xa está dun xeito accesible, a través da páxina web, na dirección seguinte: **<http://www.ces-galicia.org/novbiblio.html>**

Sitio web do CES-Galicia

Durante o 2001, a estrutura do sitio web do CES-Galicia sufriu algunhas modificacións, especialmente no que atinxe á súa división orgánica. Así, a sección Indicadores constituíuse como unha sección propia dentro da web, e recolle tódolos principais datos (conxunturais, territoriais e en comparación con España) da economía e sociedade galegas.

Os contidos e mantemento desta sección da web correspóndelle conxuntamente ó Centro de Documentación e ó Gabinete Técnico do CES.



Na actualidade, e coa previsión de rematar no ano 2002, o Centro de Documentación ten en marcha os seguinte proxectos, dentro do seu programa de traballo interno:

Fontes de información

O Centro de Documentación está a traballar dende finais do 2001 na actualización e posta a disposición dos usuarios da web desta base de datos, creada para agrupar tematicamente as fontes de información máis axeitadas para estudar a realidade socioeconómica de Galicia. O listado de fontes de información, consultable na web do CES-Galicia, na súa totalidade (<http://www.ces-galicia.org/dirfoin.index.html>) vai ser revisado e depurado nos seus contidos e estrutura.

Revistas electrónicas

Este traballo, xa iniciado no 2001, vai consistir na posta a disposición de todos os usuarios da web dun listado das revistas que recibe o CES-Galicia e que poden ser consultadas en formato electrónico. Deste xeito o Centro de Documentación aproveitará para revisar a súa política de adquisicións de publicacións periódicas, tratando de combinar os formatos tradicional e o novo formato electrónico de moitas destas revistas e axustalo ás capacidades e funcións do CES.

Traballos do CES en 2001

Como en anteriores “memorias”, inclúense de seguindo senllos resumos dos aspectos máis salientables dos traballos aprobados polo Consello Económico e Social de Galicia en 2001.

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALICIA

Un ano máis, en cumprimento da súa normativa, que asigna ó Consello, entre outras, “a función de elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha Memoria sobre a situación económica e social de Galicia, incluíndo, se é o caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Comunidade Autónoma”, o CES-Galicia aprobou en 2001 a súa cuarta Memoria, que fai xa o número 5 das mesmas. Esta **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2000** foi aprobada por unanimidade polo Pleno do Consello Económico e Social de Galicia na súa sesión 9/01, do 29 de outubro, case que cun mes de adianto respecto a data da memoria do ano anterior.

Profundizando na mellora da súa estrutura, na constante busca da

máxima calidade, tanto dos datos que inclúe (máis abondosos e de maior número de fontes, sempre oficiais) como da organización dos mesmos para facela máis comprensible, fixéronse algúns axustes no índice da mesma.

Como xa quedou fixado o ano anterior, e logo dun exhaustivo índice cos case que cincocentos cadros que inclúe, a Memoria 2000 ábrese coas consideracións dos membros dos CES sobre o seu contido, nun intento de facilitar a lectura e comprensión dos elementos máis salientables da situación dun xeito sinxelo. Este primer apartado remata cun resumo, en forma de cadro comprensivo, dos principais indicadores económicos e sociais de Galicia respecto a España.

O **índice** da Memoria 2000, quedou como segue:

Consideracións

Indicadores económicos Galicia-España

1.- Situación económica de Galicia

1.0.- Panorama xeral

Panorama económico internacional

Panorama económico de España

Panorama económico da eurorrexión

1.1.- Producción

Producción segundo o IGE

Producción segundo o INE

Converxencia real

1.2.- Demanda interna

Consumo

Investimento

Fondos da UE

1.3.- Sector exterior

Comercio exterior

Investimento galego no estranxeiro

Plan de fomento das exportacións galegas

1.4.- Inflación e tipos de xuro

2.- Emprego

2.0.- Demografía

Distribución territorial da poboación
Movemento natural da poboación
Migracións

2.1.- Mercado de traballo

Datos da Seguridade Social
Datos EPA
Datos da Xunta e do INEM
Taxa de temporalidade
Empresas de traballo temporal
Sinistralidade laboral
Relacións laborais

2.2.- Políticas activas de emprego

Accións do FORCEM
Formación e colocación:

Comunidade Autónoma

2.3.- Economía social

Cooperativas
Sociedades laborais
Actuacións da Xunta

2.4.- Desenvolvemento empresarial

Datos Dirce
Datos do Rexistro Mercantil
Competitividade das empresas galegas



3.- Sectores productivos

3.0.- Panorama xeral

3.1.- Sector primario e industrias relacionadas

Subsector agro-gandeiro
Subsector mar-industria
Subsector silvicultura-madeira

3.2.- Industria

Enerxía

Bens intermedios

Bens de equipamento

Bens de consumo

3.3.- Construcción

Indicadores básicos da construción

Datos de vivenda

Indicadores empresariais

3.4.- Servicios

Comercio

Turismo

Comunicacións

Transportes

Servicios a empresas

Servicios financeiros

Servicios de educación e da sanidade

4.- Sector público e benestar social

4.1.- Comunidade Autónoma

Presuposto de ingresos da Administración Xeral

Presuposto de gastos da Administración Xeral

Presuposto dos organismos autónomos

Presuposto consolidado

Análise das actuacións previstas

A conta financeira

Pto. das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

4.2.- Cobertura e financiamento da protección social

Financiamento e cobertura social do Estado

A cobertura social da Comunidade Autónoma

4.3.- Prestacións económicas

Pensións contributivas

Pensións non contributivas

Prestacións por desemprego

Renda de inserción social

4.4.- Prestacións sanitarias e sociais

Indicadores de saúde

O Servicio Galego de Saúde

Transplantes e doazóns
Prestacións farmacéuticas
Prestacións sociais

4.5.- Educación

Educación infantil e primaria
Educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP
Educación universitaria
Outros estudos non universitarios

4.6.- Outros indicadores de benestar social

Consumo
Vivenda
Cultura

5.- Desenvolvemento rexional

5.1.- Infraestruturas

Infraestruturas de transporte terrestre
Infraestruturas portuarias e aeroportuarias
Infraestruturas hidráulicas
Parques tecnolóxicos e empresariais

5.2.- Investigación e desenvolvemento tecnolóxico

Plan galego de I+DT (1999-2001)
O gasto total interno en I+D
Estímulo comunitario

5.3.- Medio ambiente

Os incendios forestais
Residuos industriais
Usos da auga

5.4.- Políticas de desenvolvemento rexional

Desenvolvemento interior de Galicia
Instrumentos de desenvolvemento rexional da UE
Instrumentos de desenvolvemento rexional do Estado
Investimentos territorializados das Administracións públicas
Ind. económicos de Galicia en termos de recadación tributaria
Ind. económicos de Galicia en termos de contabilidade rexional

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

II.- ÁREA FUNCIONAL DE LUGO

De conformidade coas competencias atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise pola Comisión Sectorial nº1: Economía, Emprego e desenvolvemento territorial, e de acordo co procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 02/01, do 7 de marzo, celebrada na cidade de Lugo, acordou por unanimidade emitir, por propia iniciativa, a segunda entrega do seu informe sobre as áreas funcionais de Galicia, concretamente a adicada á área funcional de Lugo.

A.- Xénese do informe

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre "as áreas funcionais de Galicia". Despois dun primeiro traballo sobre a área funcional de Ferrol, a Comisión Sectorial nº1: Economía, emprego e desenvolvemento territorial, abordou a elaboración do estudo da área funcional de Lugo.

B.- Obxecto do informe

O obxecto deste segundo informe da colección é analiza-la situación da área funcional de Lugo coas súas debilidades e fortalezas. Como en estudos anteriores, na parte final do mesmo inclúense unhas consideracións consensuadas polos representantes das distintas entidades do Consello sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e creación de emprego na área.


C.- Metodoloxía e alcance do informe

O alcance global do Informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. Esta adicada a Lugo é a segunda entrega da colección.

Respecto ó seu ámbito xeográfico, a área Funcional de Lugo inclúe as comarcas de Os Ancares, A Fonsagrada, Lugo, Meira, Sarria, a Terra Chá e A Ulloa, na zona central da provincia.

A metodoloxía do Informe baséase en concreta-la análise da situación económica e social da área funcional de Lugo, nos apartados de emprego, sectores productivos, desenvolvemento territorial e panorama social.

As consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre á análise efectuada pechan o contido do Informe, que inclúe tamén anexos estatísticos con datos de interese sobre distintos parámetros da realidade socioeconómica da área funcional. Estas **consideracións** son as seguintes:



1.- Panorama xeral

A área funcional de Lugo, composta polas comarcas de Os Ancares, A Fonsagrada, Lugo, Meira, Sarria, a Terra Chá e A Ulloa, abrangue un total de 6.455 km², o que representa o 66% do total da provincia de Lugo e o 21,8% da superficie de Galicia. O número de habitantes na área funcional de Lugo é de 229.045 persoas segundo o Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 1998, o que representa o 62,3% do total da provincia e o 8,4% da poboación de Galicia.

A Terra Chá, cos seus 1.820 km², é a comarca máis extensa de Galicia e tamén o resto de comarcas da área son, en termos xerais, máis extensas que a media das comarcas galegas.

O centro económico e cabeceira da área funcional é a cidade de Lugo, que se amosa como foco sobre o que gravita o conxunto da área.

Xenericamente, trátase dunha área pouco industrializada e cunha poboación de idade moi avanzada, agás no concello de Lugo.

Dos datos do informe extráese a conclusión de que a área funcional de Lugo rota sobre da cidade de Lugo, onde a cota de mercado representa o 40,4% do total da área funcional de Lugo e o índice de actividade económica, o 55,7%. A nivel municipal tamén salientan, aínda que a distancia de Lugo, os concellos de Sarria e Vilalba, onde a cota de mercado representa o 6,2% e 6,9% do total da área funcional de Lugo, respectivamente, e o índice de actividade económica, o 7,7% e o 5,9% da dita área.

Respecto ás tres localidades citadas anteriormente cabe salientar que:

- A cota de mercado, índice industrial, índice comercial, índice turístico e índice de actividade económica é significativamente superior ós das restantes localidades da súa comarca respectiva e, mesmo, de cada municipio das outras comarcas. O mesmo se pode dicir de tódolos restantes parámetros: teléfonos, oficinas bancarias, vehículos a motor, actividades comerciais, etc.

- O nivel de servizos públicos básicos (educación, sanidade...) e tamén o nivel de investimentos públicos en infraestruturas (estradas, ferrocarril...) é tamén moi superior.

- As ditas localidades están, tamén, nos primeiros lugares en canto a taxa de actividade e de ocupación, aínda que, aquí, as diferencias son menores e non difiren substancialmente da situación xeral da provincia.

- Respecto á poboación escolar, as devanditas localidades acollen ó 69,9% do total da área funcional. O concello de Lugo ten o 55,7% dos nenos

escolarizados na área funcional, en tanto que Sarria acolle ó 7,5% e Vilalba, ó 6,7%.

2.- Emprego

O dato máis relevante, e que ten máis influencia sobre o resto dos indicadores, é o da evolución da poboación nas distintas comarcas. Comparando os datos da renovación do Padrón a 1 de xaneiro de 1998 cos datos do Padrón de 1996:

- En tódalas comarcas, agás na de Lugo, que se constitúe no único polo de atracción de poboación doutros ámbitos, diminúe a poboación.

- Despois de Lugo, só os concellos de Vilalba e Sarria son capaces de mante-la súa poboación sen descensos acusados.

Respecto ó movemento natural de poboación nos anos 1998 e 1999, tódalas comarcas amosan un saldo vexetativo negativo, isto é, prodúcense máis defuncións que nacementos, consecuencia da estrutura de idades da poboación da área funcional, moi envellecida como reflectía a pirámide de poboación.

Das 198.224 persoas maiores de 16 anos, o 44,1% corresponden á poboación activa e un 55,6% á poboación inactiva. En Galicia estas porcentaxes ascendían a 45,4% e 52,4%, respectivamente.

A poboación ocupada da área funcional concéntrase na súa meirande parte no sector servicios, o 46,2%, mentres o sector da agricultura acolle o 33,1%. En comparación co que acontece para o conxunto de Galicia, a poboación ocupada da área funcional de Lugo está orientada cara ó sector primario, dado que o seu peso relativo duplica ó existente en Galicia (16,6%). O resto dos sectores teñen un menor peso relativo no mercado de traballo da área funcional: o sector industrial e a construción acollen o 12% e o 8,6%, respectivamente, da poboación ocupada na área funcional de Lugo, fronte ós 20,1% e 11,3%, tamén respectivamente, da poboación ocupada galega.

Na maioría das comarcas o sector agrícola engloba máis da metade da poboación ocupada, como é o caso de Os Ancares, co 52,8%; A Fonsagrada, co 54,1%; Meira, co 54%; ou A Ulloa, co 51,8%. No extremo oposto atópase a comarca de Lugo, onde o sector primario acolle o 15,8% da súa poboación ocupada.

Atendendo á distribución da poboación ocupada segundo a situación profesional, pódense salientar tres características diferenciadoras con respecto á Galicia. En primeiro lugar, o elevado peso relativo das persoas por conta propia que no empregan persoal, que significan o 36,5% da poboación ocupada na área funcional, fronte ó 20,8% en Galicia. En segundo lugar, o menor peso relativo dos asalariados, tanto fixos como eventuais, que representan o 36,2% e o 17,6%, respectivamente, na área funcional de Lugo, fronte ó 45,7% e 25,4%, respectivamente, en Galicia. Finalmente, as axudas familiares ascenden ó 4,7% da poboación ocupada na área funcional de Lugo, fronte ó 1,7% de Galicia.

O peso relativo da poboación parada no sector primario (datos Padrón municipal 1996) no total dos desempregados na área funcional foi do 3,4%, fronte ó 1,7% de Galicia. Respecto ó paro rexistrado, na área funcional de Lugo o número de parados ascendía, a 31 de decembro de 1999, a 9.549, 812 desempregados menos que no ano anterior, o que significa o 4,17% da poboación total da área (5,23% en Galicia e 4,12% na provincia de Lugo).

Atendendo á desagregación sectorial, deses 9.549 desempregados rexistrados, 249 correspondían ó sector primario, 1.101 á industria, 1.278 á construción e 5.050 ó sector servizos. O número de persoas rexistradas sen emprego anterior foi de 1.871.

3.- Sectores productivos

A análise dos sectores productivos da área funcional realízase a partir da base de datos de Ardán, que se constitúe cos datos depositados polas empresas nos rexistros mercantís de Galicia. Non inclúe as contas das sociedades que non teñen o seu domicilio social en Galicia, nin as empresas que non teñen a obriga legal de deposita-las súas contas anuais, nin as empre-

sas cunha facturación inferior ós 40 millóns de pesetas, nin aquelas outras das que non se dispón de información durante dous anos consecutivos.

Atendendo a estas limitacións, o estudo de Ardán integra as contas anuais de 852 empresas da área funcional no ano 1998, que presentan o 7,7% do total de empresas analizadas para o conxunto da economía galega. A conta de explotación agregada destas empresas amosa que no ano 1998 prodúcese nas empresas da área funcional de Lugo un descenso do resultado neto do exercicio do 6% respecto ó acadado en 1997 (un 5,2% se se considera antes de impostos), o que significa unha caída nos beneficios das empresas. No conxunto das empresas galegas consideradas, o resultado neto do exercicio do ano 1998 foi un 17,8% superior ó acadado no ano anterior (un 23,1% antes de impostos).

Unha análise máis detallada revela que os resultados da actividade ordinaria –aquela directamente relacionada coa actividade das empresas, ó excluí-los resultados extraordinarios e os impostos de sociedades– experimentaron un crecemento do 21,7% respecto ó ano 1997. Esta capacidade para xerar beneficios veuse amortecida polo importante descenso da actividade extraordinaria (68,4%).

O aumento dos resultados ordinarios ven explicado tanto polo incremento da facturación das empresas como pola redución dalgúns dos custos empresariais. Por unha banda, en 1998 os ingresos de explotación aumentaron un 10,8%, para situarse nos 263.854 millóns de pesetas. Por outra, os gastos financeiros descenden en termos absolutos un 8,7% e o seu peso relativo no total dos ingresos de explotación diminúe do 1,7% de 1997 ata o 1,4% de 1998. Asemade, os gastos de persoal, que medran un 10% en termos absolutos, descenden en termos relativos do 11% ata o 10,9% de 1998.

Non obstante, o crecemento do valor engadido bruto a custo de factores presenta en 1998 unha medra (9,9%) inferior á experimentado polos ingresos de explotación (10,8%), pasando a súa importancia relativa do 18,6% de 1997 ata o 18,4% de 1998.

A análise do balance agrupado das 852 empresas da área funcional estudiadas por Ardán permite coñecer a situación financeira e patrimonial no ano 1998. A estrutura financeira e patrimonial reflectida amosa unha situación de solvencia: o financiamento permanente de 98.573,9 millóns de pesetas representa o 54,4% do total das fontes de financiamento e, dentro deste, os fondos propios son o 67,6% e os recursos alleos o 28,5%, en tanto que o activo fixo neto acada os 75.886,5 millóns de pesetas, o que propicia un fondo de rotación de 22.687,4 millóns.

Da análise do balance das empresas despréndese que o activo total crece nun 11,8%. O maior crecemento corresponde ó activo fixo neto, cun incremento do seu valor do 12,5%, o que representa un aumento da súa contribución en 0,2 puntos, en tanto que o circulante neto medrou un 11,3%.

Os oitos principais núcleos de localización das empresas emprazadas na área funcional segundo o valor engadido bruto xerado copan o 90% do total do VEB, destacando dun xeito relevante, con máis do 60% a propia capital lucense. A porcentaxe restante é repartida entre os concellos de Rábade, Guitiriz, Vilalba, Sarria, Muras, Outeiro de Rei e Láncara. Esta forte concentración da actividade reflíctese tamén no feito de que os oito concellos repártese entre tres comarcas: Lugo e Terra Chá, con 3 concellos cada unha, e Sarria, con dous.

No que ó sector primario se refire, o 34% (218.554 hectáreas) da superficie total da área funcional corresponde á superficie agrícola utilizada, entendendo por tal a terra labrada, praderías permanentes, pastos e terras dedicadas a cultivos permanentes. Desa superficie, 106.049 hectáreas corresponde á superficie cultivada, onde predomina os cultivos forraxeiros, por mor do peso das explotacións de gando vacún (63.229 hectáreas), e as patacas, con 13.000 hectáreas.

Un aspecto importante no sector primario é o concernente á realización das concentracións parcelarias. A área funcional de Lugo acolleu un total de 41 zonas de concentración parcelaria terminadas, que abranguen un total de 23.440 hectáreas. Comparado coas zonas terminadas no conxunto da pro-

vincia de Lugo, a área funcional de Lugo acole o 64,5% da zona terminada total.

A porcentaxe que supoñen estas zonas terminadas na superficie total afectada pola concentración parcelaria (77.244 hectáreas na área funcional e 120.664 ha. na provincia) é similar na provincia de Lugo e na área funcional: 30,1% e 30,3%, respectivamente.

A comarca da Terra Chá acolle o 67,2% do total da zona terminada da área funcional (15.745 hectáreas) seguida de Lugo, co 16,2% (3.803 ha) e Meira, co 11,3% (2.640 ha.).

O CES considera importante que se fagan os investimentos necesarios para favorecer a fixación da poboación na área rural, tanto o fomento de feiras especializadas e de industrias transformadoras dos produtos autóctonos de calidade, como o fomento de actividades agrícolas e gandeiras alternativas como poden ser, entre outras, a obtención de produtos naturais e as explotacións biolóxicas

O CES considera que, no relativo ó subsector do turismo, é necesario potencia-lo turismo relacionado co patrimonio cultural, tendo en conta a necesaria rehabilitación do casco histórico de Lugo, así como o turismo rural e o turismo relacionado coa pesca e a caza. No senso da potenciación turística da área funcional, débese estudia-la viabilidade de que a posible demanda turística poda permiti-la utilización comercial do aeródromo das Rozas.

4.- Desenvolvemento territorial

O 31 de xaneiro de 2001 foron inaugurados 19,6 km da autovía do Noroeste ó seu paso polo porto de Pedrafita. Un dos tres tramos inaugurados corresponde ó comprendido entre Noceda e Agüeira, cunha lonxitude de 12,9km, e que transcorre polos municipios de Becerreá, As Nogais e Pedrafita. Asemade, entraron en servicio 2,7 km do tramo Agüeira-Cereixal e 4 km do comprendido entre Castrolamas e Noceda.

Actualmente están en execución os últimos quilómetros do peche da

autovía do Noroeste. Na área funcional de Lugo estes quilómetros se reparten entre dous tramos: no comprendido entre Castrolamas e Noceda faltan por completar un total de 4,1 km e no tramo comprendido entre Agüeira e Cereixal, 3,9 km.

Non obstante, é necesario tamén o peche dos tramos de León (Villafranca -Ambasmestas, de 17,6 km., e Ambasmestas - Castrolamas, de 8,5 km.) para que a mellora da accesibilidade á Meseta sexa unha realidade.

A Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento manifestaron publicamente os seguintes compromisos para a mellora integral das comunicacións viarias galegas que afectan á área funcional de Lugo:

1.- Dentro do II Plan de estradas, figura a previsión da construción da autovía Ferrol-Vilalba, cunha lonxitude de 24,5 km e un investimento de 19.095 millóns de pesetas, e da vía rápida Sarria-A-6, de 29 km de lonxitude e un investimento total de 9.193 millóns de pesetas.

2.- Dentro do programa de autovías do Plan de Infraestructuras 2000-2007, figura a previsión da construción da autovía do Cantábrico, cun investimento de 58.500 millóns de pesetas e 90 km de lonxitude, a autovía Santiago-Lugo (50.000 millóns de pesetas de investimento e 105 km de lonxitude) e a autovía Lugo-Ourense (45.000 millóns de pesetas de investimento previsto e 100 km).

No que ás infraestructuras ferroviarias se refire, o convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Renfe para a modernización da rede ferroviaria interior de Galicia, asinado o 20 de decembro de 2000, prevé uns investimentos de 160.000 millóns de pesetas no período 2000-2007.

No caso da área funcional de Lugo, o convenio prevé a renovación total da vía, construción de dous variantes e obras de sinalización por un importe de 33.503,2 millóns de pesetas, na liña Ourense-Monforte-Lugo-Betanzos-A Coruña/Ferrol. En concreto, na área funcional de Lugo executáranse obras de renovación de vía entre Monforte e Sarria, licítaranse obras

de renovación entre Sarria e Lugo e está en proceso de renovación o proxecto de renovación da vía entre Lugo e Curtis.

O CES considera que débese potenciar e desenvolver esta área funcional sen concentrar tódolos polos de produción e servizos no concello de Lugo. Neste senso, deberían tomarse as seguintes medidas:

a) Mellora da accesibilidade das diferentes comarcas coa finalidade de non forzar máis a marcha da poboación moza, de tal xeito que se permita a vivencia cotiá combinada coa explotación turística da montaña así como a gandería tradicional, industria e servizos. Paralelamente, resulta necesario mellora-las seguintes infraestructuras:

- Estradas
- Os Ancares
- Becerreá-Navia de Suarna
- Navia de Suarna- A Fonsagrada
- Ambasmestas-Liber
- A Fonsagrada
- Navia de Suarna- A Fonsagrada
- A Fonsagrada-Pontenova-Autovía do Cantábrico
- A Fonsagrada-Negueira de Muñiz
- Meira
- Meira-Baralla
- Meira-Ribeira de Piquín
- Sarria
- Becerreá-Sarria
- A Ulloa
- Ventas de Narón-Palas de Rei
- Lugo

Debe priorizarse en todo caso o tramo da autovía Lugo-Alto do Hospital, que serve de enlace entre as autovías programadas Lugo - Ourense, Lugo - Santiago e a N - 640.

Maceda - Gomeán.

Finalización da segunda e estudo da terceira ronda.

Construción de novas pontes sobre o Miño e das pontes Romai e Paradai.

- Ferrocarril

Estudio de viabilidade do tramo ferroviario Curtis estación e Ordes estación que mellore a conexión Lugo-Santiago.

Terminal de mercadorías en Lugo.

b) Dotación de parques empresariais dentro da comarca de Lugo e nos concellos de Outeiro de Rei e O Corgo (que rolden o millón de metros cadrados cada un), aproveitando a súa boa infraestrutura viaria e a súa situación centrada na área funcional de Lugo, tendo en conta ademais que os actuais parques están esgotados.

No eido da mellora da accesibilidade dos parques empresariais débese estudia-la necesidade da conexión ferroviaria cos parques empresariais, así como a reforma da N-VI no cruzamento coa entrada ó polígono do Ceao.

Mellora dos polígonos industrias de Louceaneta (Lugo) e A Veiga (Sarria).

c) Proposta de infraestructuras hidráulicas no Alto Miño que eviten o anegamento da Terra Chá e establecemento dun sistema de regadío que permita non soamente a explotación intensiva de materiais forraxeiros senón tamén as devanditas agriculturas alternativas. O CES considera necesario un Plan de Saneamento Integral das cuncas fluviais dos ríos Miño, Rato, Fervedoira, Mera e Lea e a construción dunha nova depuradora de augas residuais de Lugo.

d) O CES considera necesario a realización dun estudio de viabilidade e promoción dun parque gandeiro en Castro de Ribeiras do Lea potenciando o mercado gandeiro e desenvolvendo unha industria de transformación que garanta a estabilidade do mercado da gandería.

Neste senso é importante que a planta de Lugo teña capacidade para realiza-la transformación completa dos produtos gandeiros.

e) O CES considera que debe realizarse un esforzo inversor nas infra-

estructuras enerxéticas da área funcional co obxecto de mellora-la electrificación rural, mediante un plan que concrete os núcleos de poboación e presupostos asignados, de forma que se garanta a calidade da subministración da enerxía eléctrica cun TIEPI1 similar á media galega.

Respecto á infraestrutura gasística, o CES considera importante a conexión das redes de gasoductos cos parques empresariais.

f) No eido das telecomunicacións, deberían realizarse os esforzos necesarios que garantan a accesibilidade ás novas tecnoloxías e a mellora das telecomunicacións no medio rural.

g) Dado o importante patrimonio no utilizado do Ministerio de Defensa na área funcional, o CES considera necesario que as Administracións públicas interesadas inicién negociacións para a súa desafectación do Ministerio de Defensa co obxecto de acadar un mellor aproveitamento para o desenvolvemento da área.

5.- Panorama social

No capítulo dedicado ó panorama social, os datos da vivenda segundo o seu uso reflicten que na área funcional de Lugo a porcentaxe das vivendas secundarias, dato que pode ofrecer unha idea da capacidade económica comarcal, ascendeu a 8,5% do total das vivendas, unha porcentaxe inferior á correspondente á provincia de Lugo (9,6%) e á do conxunto de Galicia (11,2%).

Á vez, a porcentaxe de vivendas baleiras na área funcional, 18,2%, é superior á de Galicia (16,9%), aínda que lixeiramente inferior á existente na provincia de Lugo (18,9%).

No eido educativo, na área funcional de Lugo, por mor da influencia da comarca de Lugo, atópanse aproximadamente o 65% dos alumnos dos niveis formativos da provincia lucense. No caso da educación a distancia e da educación especial, estas porcentaxes chegan ó 70% e ó 81%, respectivamente.

No ámbito universitario, o de Lugo configúrase como o segundo campus da Universidade de Santiago de Compostela, cunha cuarta parte do seu alumnado. As tres titulación máis importantes, atendendo ó seu número de alumnos, son a diplomatura en Empresariais, a enxeñería técnica en Mecanización Agraria e Construcións Rurais e a licenciatura en Veterinaria. Pola súa banda, as titulacións con menos alumnos matriculados son os correspondentes ós segundos ciclos.

O CES considera importante para o desenvolvemento educativo na área funcional acceder a unha sede da UNED e a renovación do conservatorio de música.

No ámbito da saúde, para o vindeiro mes de maio está previsto o inicio dos procedementos de adxudicación dos traballos de construción do novo hospital de Lugo, mentres que a data na que se prevé inician as obras está fixada para o mes de xullo. O CES considera necesarios que se cumpran os prazos para a realización destas obras para mellora-la oferta hospitalaria na área funcional de Lugo.

Na atención socio-sanitaria, dado que a poboación de Lugo é a máis envellecida de Galicia, o CES considera necesario a confección dun plan para a atención á terceira idade no seu entorno que tenga en conta a axuda domiciliaria, a atención ás persoas maiores dependentes e a creación dunha residencia da terceira idade en Lugo.

En definitiva, o CES considera que tódalas propostas anteriores deben ter como obxectivo estratéxico a potenciación da área funcional sen desarraiga-los seus habitantes, mediante a implantación de políticas de fixación da poboación nas áreas rurais.


SITUACIÓN E PERSPECTIVAS DO SECTOR DO MARISQUEO A PÉ EN GALICIA

De conformidade coas competencias atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise pola Comisión Sectorial nº 1: Economía, emprego e sectores productivos, e de acordo co procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 8/01, do 19 de xullo, acordou aprobar por maioría un informe sobre a situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia.

- Xénese do informe

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de redactar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/00, de 26 de xuño, adoptou o acordo de proceder á elaboración dun informe por propia iniciativa sobre a situación actual e as perspectivas do subsector do marisqueo a pé: "Situación e perspectivas do marisqueo en Galicia". Na mesma sesión acordouse que o traballo se levará a cabo pola Comisión Sectorial nº1: Economía, emprego e sectores productivos.



- Obxecto do informe

O obxecto do informe do Consello Económico e Social de Galicia é aproximarse á realidade do marisqueo a pé cun enfoque integral como subsector económico básico e característico da economía galega. O marisqueo a pé en Galicia é, actualmente, un subsector económico debilmente estruturado debido ó difícil equilibrio existente entre a necesidade de racionalizar productivamente os recursos de dominio público limitados e a necesidade de dar alternativas sociolaborais ós mariscadores, que lles permita unha explotación rendible para aqueles para os que o marisqueo a pé constitúe o seu medio fundamental de vida.

O capítulo I do informe trata do marco xurídico xeral e as competencias das diferentes administracións sobre o dominio público marítimo-terrestre. O marisqueo a pé é unha actividade que se desenvolve nunha zona de dominio público marítimo-terrestre e que se debe realizar dentro dun marco xurídico de defensa do dominio público e de necesidade de títulos administrativos habilitantes para exercer-la actividade.

O capítulo II trata de cuantificar as posibilidades reais dos recursos productivos cos que se conta e a súa evolución. É necesario coñecer a capacidade, calidade e produción dos recursos de marisqueo de cada unha das zonas productivas de Galicia como base da súa racionalización productiva.

No capítulo III do informe estúdase a actividade planificadora da administración autonómica, coa que se tenta conseguir-lo equilibrio entre a racionalización dos recursos productivos e a forte demanda social para explotalos.

O capítulo IV realiza un estudo dos modelos de xestión actuais e futuros. A necesidade dunha xestión equilibrada e integrada dos recursos e a demanda social fan necesario que a administración promova os mellores modelos de xestión que permitan un sector competitivo que paulatinamente poida desligarse da tutela financeira da Administración.

No capítulo V, o informe trata de aproximarse á realidade socioeconómica

mica da poboación costeira de Galicia para a que, dun ou doutro xeito, a explotación dos recursos do marisqueo a pé constitúe, en moitos casos, o medio fundamental de vida. A través dos indicadores económicos e sociais deste subsector inténtase cuantificar a incidencia que unha correcta planificación dos recursos e o fomento de modelos de xestión axeitados poidan supoñer para o desenvolvemento socioeconómico e a xeración de emprego estable dos concellos costeiros de Galicia.

As consideracións consensuadas dos membros do Consello sobre os aspectos máis salientables do informe pechan o contido do mesmo.

- Metodoloxía e alcance do informe

No que respecta ó alcance do informe, a Comisión Sectorial nº 1: Economía, emprego e sectores productivos, na súa sesión nº 3/00, do 26 de xullo de 2000, acordou acota-lo alcance do informe ó marisqueo a pé.

Para cumprir co obxecto do informe, antes descrito, o CES solicitou a 40 asociacións e confrarías de pescadores información sobre o volume da súa produción así como sobre o valor da produción en primeira venda ó longo do ano 1999.

O CES contou tamén co informe sobre “Ordenación integral do espazo marítimo-terrestre de Galicia” elaborado pola Fundación Empresa-Universidade de Galicia (Feuga), que concentra nunha obra única tódolos datos relevantes sobre os espazos marítimo e marítimo-terrestre.

Neste informe do Consello inclúese así mesmo a información remitida pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, que consistiu fundamentalmente no “Informe Plan Galicia”.

As **consideracións** dos membros do Consello sobre este sector foron as seguintes:

Dunha análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) do subsector do marisqueo a pé en Galicia, en base ós datos reco-

lidos neste informe, poderíase considerar, en xeral, positivas as expectativas desta actividade, no senso de que poderá converterse nun subsector económico importante para a economía galega e xerar un valor engadido suficiente para a poboación afectada.

Desde o lado das fortalezas e oportunidades cabería destacar, entre outras, as seguintes:

1. Competencia e capacidade de planificación dos modelos de produción e comercialización do marisqueo a pé pola Comunidade Autónoma, co obxectivo de profesionaliza-lo sector. A sentenza do Tribunal Constitucional elimina moitas incertezas ó respecto e permite a coordinación das actuacións das diferentes administracións.

2. As perspectivas de mellora da calidade e dun aumento sostido da produción do marisqueo a pé, na maioría das zonas productivas, permite confiar nun aumento do valor engadido deste subsector e dun incremento das rendas da poboación ocupada.

3. O incremento do valor engadido do subsector do marisqueo a pé permitirá a viabilidade de novos sistemas de xestión da súa produción e comercialización. A aparición de estruturas cooperativas ou empresariais (OO.PP. e sociedades laborais) permitirá unha alternativa ó desenvolvemento do marisqueo a pé como subsector económico.

4. Os ditos sistemas de xestión poderán tamén ser unha das solucións ós actuais problemas de cobertura social das mariscadoras/es.

Desde o lado das debilidades e ameazas cabería destacar, entre outras, as seguintes:

1. Dificultades de xestión da transición do modelo tradicional de produción e comercialización cara ó modelo planificado na Lei de Pesca de Galicia.

2. Dificultades de redefinir e establecer as competencias e funcións dos tradicionais sistemas de xestión que sexan compatibles cos novos sistemas

de tipo cooperativo ou empresarial.

3. Dificultades de xestión da cobertura social das mariscadoras/es, tanto en definir un procedemento apropiado de cobertura por conta propia, como facilita-la transición a cobertura por conta allea.

Considérase que o recoñecemento da solidariedade da sociedade galega na cesión do dominio público marítimo terrestre a aquelas traballadoras/es para os que a actividade do marisqueo a pé é o seu medio fundamental de vida debe crear un clima que facilite a transición do modelo tradicional ó novo modelo planificado.

II.- recursos do marisqueo a pé

1.- Respecto á capacidade de produción, o CES considera que o estudo Feuga sobre a produtividade potencial das especies por zonas, aínda tendo en conta o comportamento non homoxéneo do seu crecemento anual, permite establecer estratexias de novos modelos de produción, e ofrece a fotografía das posibilidades potenciais de moitas das zonas en produción na actualidade.

É de destaca-lo aumento do valor da produción, que se multiplicou por dous dende 1995 ata 1999 (producción conxunta marisqueo a pé e a flote), aínda que non medrou do mesmo xeito a cantidade de marisco recollido. As rías e os bancos marisqueiros poden ser xestionados de forma máis avanzada e a mellora da calidade do medio pode permitir uns rendementos máis altos.

2.- Respecto á calidade dos recursos, o CES considera necesario adapta-la lexislación actual ás necesidades do sector marisqueiro, na procura dunha maior calidade das augas das rías e, polo tanto, dunha maior produtividade das zonas de marisqueo. A recuperación dos bancos marisqueiros pasa inevitablemente por levar adiante dende a Administración políticas encamiñadas á protección e recuperación medioambiental das rías:

- Recuperación medioambiental das rías, conseguindo a depuración

total dos vertidos urbanos e industriais e a renovación da rede de depuración obsoleta, que non se limite a saca-los residuos do pé da beiramar, mediante a substitución da rede de sumidoiros, centralizando estes cara a unhas “depuradoras” que, en moitos casos, funcionan so como meras estacións de “bombeo” ó interior das rías deses residuos urbanos e industriais.

Neste senso, faise necesario tanto o cumprimento, en tempo, do Plan de Saneamento das Rías como a coordinación das competencias que, neste campo, ten as administracións públicas central, autonómica e local, para evitar as disfuncións que actualmente se detectan.

- Revisión da política de recheos da beiramar (paseos marítimos, portos etc...) e obrigatoriedade de facer informes preceptivos de impacto sobre o marisqueo, en función das zonas máis sensibles, sobre todas as obras que se realicen na costa, así como das obras que teñan incidencia no marisqueo (encoros). Algunhas destas actuacións están a incidir negativamente na situación de calidade dos bancos marisqueiros, dada a incidencia de moitos destes recheos nas correntes mariñas, así como na desaparición de zonas marisqueiras.

Neste senso, cabe destacar que o cambio de comportamento das correntes mariñas por estas construcións leva a miúdo a un enfangamento dos laterais. Poderían considerarse algún tipo de solucións técnicas que manteñan as correntes mariñas existentes e impidan a creación de fangos que afecten ós bancos marisqueiros.

3.- O CES considera necesaria unha política de recuperación dos bancos marisqueiros, cara a un aumento da calidade e da produción, para acadar un aumento do valor xerado en primeira venda, en base as seguintes medidas:

- Fomento, pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, de “criadeiros” de ameixa, que facilite a produción de semente, a un prezo rendible para as explotacións. Para iso, considérase necesario a subvención á semente e o seu financiamento polo IFOP.

- Implantación de “técnicas de crianza”, para que na estabulación ou repoboacións das sementes, que proceden dos “criadeiros”, se reduza a alta porcentaxe de mortalidade que actualmente ten.

- Establecemento de “técnicas de sementa” que, acotando zonas, cree “parques de desove de ameixa”.

- Elaboración dun mapa de usos do litoral galego, no que se estudien todas e cada unha das actividades que se realizan no medio mariño preto da costa (incluídas as industriais e de servizos portuarios), para clarificar oportunamente onde se pode instalar calquera tipo de industria (sexan parques de cultivo, bateas, depuradoras, combustibles...), evitando interaccións negativas entre os diferentes usos.

4.- Considérase necesario, dada a extraordinaria calidade da ameixa producida en Galicia, establecer un sistema de control rigoroso e seguimento da incidencia que, nos bancos marisqueiros, ten a implantación de novas especies, que poden afectar á produción dalgunhas especies autóctonas.

5.- O CES considera que as posibilidades de racionaliza-la produción pasan por ligar os medios de investigación existentes coa planificación das zoas e as especies. Neste senso, o Centro de Control da Calidade do Medio de Vilaxoán debe xogar un papel fundamental para:

- Garanti-lo mantemento da calidade das diferentes sementes de ameixa nos “criadeiros”, seleccionando as especies mais axeitadas para o cultivo, en función das tecnoloxías de reprodución de semente existentes.

- Establece-los criterios técnicos necesarios para que se autorice a implantación de novas especies.

- Controla-los circuítos comerciais para garantir que cada especie se comercialice coas súas características específicas de calidade (imaxe de marca), co obxectivo de manter cotas de mercado diferenciadas, para competir tanto en prezos coma en calidade en función da demanda dos distintos mercados de destino.

- Estudia-la interacción dos cultivos mariños co medio ambiente.

6.- O CES considera que un diferencial tan elevado entre mercado e produción como o observado neste informe esixe unha alternativa á situación tradicional e actual ligada nuns casos a problemas tecnolóxicos de subministro de semente, ás características productivas das especies cultivadas e á propia estrutura organizativa do sector, así como ós efectos do réxime administrativo de tenza do territorio para o cultivo.

Esta alternativa pasa primordialmente polo desenvolvemento de criadeiros e paralelamente pola implementación de tecnoloxía para a produción de semente. Pero dentro das alternativas tecnolóxicas ou bioecolóxicas está a esixencia dun control exhaustivo das epizootias (Anel marrón, Perkinsus, etc) tanto sobre as zonas de produción actuais, como sobre a semente de calquera das especies a introducir nas zonas de cultivo.

Sen abandonar o cultivo das especies autóctonas e extremando as precaucións debidas en relación á biodiversidade e ó control riguroso de posibles epizootias, convén deseñar plans de cultivo doutras especies nas rías galegas, que permitisen complementa-la produción de calidade natural coa produción de cantidade .

III.- planificación dos recursos

O CES considera, respecto á ordenación da actividade comercial, que debería terse en conta a posibilidade de modifica-lo actual sistema de venda, de forma que non só se utilice a venda obrigada en poxa á baixa, senón que poidan utilizarse outras fórmulas de comercialización, para artellar mecanismos de defensa dos prezos do marisco e de garantía de maiores ingresos para as mariscadoras.

IV.- modelos de xestión

O actual sistema organizativo do marisqueo a pé necesita que se aplique a normativa mais axeitada para garanti-lo desenvolvemento do sector

que, sen ter por que rachar co camiño andado ata o de agora, permita a aparición de novos sistemas organizativos e técnicos, de novas políticas de axudas e da elección das especies máis axeitadas para o cultivo e a comercialización, encamiñadas ó aumento da produción e o valor engadido desta.

Respecto á aplicación da normativa mais axeitada, considérase necesario que se fomenten modelos organizativos como as cooperativas de explotación dos recursos acuícolas ou organización de produtores (OPPs), coa participación, no seu caso, das confrarías en ditos modelos (art.118.1 Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, Regulamento nº 3759/92, do Consello, de 17 de decembro). Neste senso, o CES considera que debe axilizarse o sistema de autorizacións a estes novos modelos organizativos e, sobre todo, potencia-lo sistema de concesións para posibilita-la creación e viabilidade dos mesmos.

Con respecto á política de axudas, da análise dos datos das axudas económicas que a Consellería de Pesca outorga ás distintas organizacións pesqueiras en concepto de acondicionamento e rexeneración de bancos marisqueiros, de coidado, control, seguimento e vixilancia, de asistencia técnica e formación, e de mellora da produtividade, despréndese a existencia de diferenzas significativas entre as distintas organizacións antes nomeadas.

O CES considera necesario que se coñezan previamente, dun xeito claro e transparente (Orden publicada pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura), os parámetros de avaliación dos proxectos presentados polas diferentes organizacións, que determinan a concesión de ditas axudas, formalizadas a través dos correspondentes convenios, así como a posterior publicación das axudas concedidas ás distintas organizacións do sector.

En todo caso, os ditos parámetros deberían establecerse en función da mellora da rendibilidade e da importancia cuantitativa das citadas organizacións, independentemente da súa natureza xurídica.

Neste senso, considérase que as subvencións ós “criadeiros de ameixa”, promovidos polas confrarías, cooperativas e OPPs, son fundamentais para a potenciación productiva do sector.

V.- indicadores socioeconómicos

1.- Nos datos aportados pola Consellería obsérvase que para a campaña 2000/01, renováronse 6.737 permisos de explotación (permex), quedando sen renovar 416 permisos. O marisqueo a pé ten a súa maior implantación na ría de Arousa, cun total de 3.376 permex, o que representa o 47,20% do total de Galicia. A ría de Vigo é a segunda zona en importancia, con 1.188 permex (o 16,61% do total), e as confrarías do ámbito da ría de Pontevedra, con 842 permisos, utilizan o 11,77% dos permex de Galicia. A provincia da Coruña, con 1.645 permex, representa o 23% e a provincia de Lugo ten unha presenza case testimonial, con 138 permex, o 1,93%.

A vista dos datos, é evidente que, pola súa importancia socioeconómica, o sector do marisqueo a pé é vital nas Rías Baixas, con 5.406 permisos, o que representa o 75,58% dos permisos de explotación para o marisqueo.

Tendo en conta que no ano 1998 existían un total de 8.679 permex para o marisqueo a pé, o descenso é de importancia para a campaña 2000/01 con 6.737 permex renovados, o que representa unha redución de 1.942 mariscadoras, é dicir, un descenso do 22,3% en dous anos.

O CES considera que, se ben é certo que a renda media das mariscadoras a pé en Galicia ten tido avances nos últimos cinco anos, esta segue a ser insuficiente para acadala necesaria profesionalización do sector, máxime cando se ten en conta que o incremento dos ingresos tamén deriva da redución nun 22,3% do número de mariscadoras en activo, ademais do conseguinte e real aumento do valor da produción.

2.- Na distribución por sexos é de destacar que o 85% das persoas que traballan neste sector son mulleres. Esta situación ven determinada polo feito de que o marisqueo a pé sempre foi entendido como unha actividade marxinal de achega duns ingresos á economía familiar por parte das mulleres. O marisqueo a pé era, e en moitos casos aínda o é hoxe, unha actividade económica complementaria.

A distribución por sexos é constante en tódalas zonas, variando unicamente na provincia da Coruña, onde os homes acadan un 25% dos permisos de explotación para o marisqueo a pé.

A distribución por idades aporta un referente básico á hora de facer unha valoración sobre o sistema de cobertura social máis axeitado para o sector. O envellecemento do sector é claro: o 73% do sector ten máis de 40 anos de idade, e un total de 3.138 mariscadoras teñen mais de 50 anos, o 46% do total das empregadas do sector. Só 663 mariscadoras teñen unha idade comprendida entre os 18 e 30 anos, o 9,8%.

Destes datos despréndese que se trata dun colectivo maioritariamente composto por mulleres, de idade avanzada, cuns ingresos baixos –ó redor da metade do SMI– e que a maior parte deste colectivo de traballadoras comezou a cotizar á Seguridade Social dentro do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, como traballadores autónomos, dende o ano 1999. É, polo tanto, un colectivo especialmente sensible e necesitado dunha actuación clara encamiñada a garanti-la súa protección social durante o desenvolvemento da súa actividade, á vez que garanta unhas prestacións dignas unha vez rematada a súa idade laboral.

O CES entende que se a cota derivada da base de cotización mínima por conta propia é considerada polo sector como excesiva para a consecución dunha protección social xusta, as alternativas posibles poderían ser:

1. Establecer un período transitorio de discriminación positiva polas Administracións Públicas competentes, con aquela parte do colectivo de mariscadoras/es a pé que, sendo o marisqueo o seu medio fundamental de vida e incorporándose ó Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar antes do ano 2000, obxectivamente teñan dificultades, polo seu nivel de ingresos, para facer fronte ás cotas de dito réxime ou que, pola súa idade, teñan dificultades para perfecciona-las prestacións de xubilación do citado réxime.

2. Instar ó establecemento e á regulamentación dun sistema especial para os/as mariscadores a pé, dentro do Réxime Especial da Seguridade

Social dos Traballadores do Mar, no que se consideren as especiais condicións deste colectivo en materia de encadramento, afiliación e formas de cotización.

Neste senso, pódese amplia-lo sistema de coeficientes reductores do Réxime Especial do Mar para esta actividade, hoxe regulamentados polo Decreto 2309/70, do 23 de xullo, na redacción dada polo Real Decreto 863/1990, de 6 de xullo, dada a súa penosidade, recoñecendo unhas porcentaxes axeitadas.

3. Confeccionar unha lista de enfermidades profesionais características desta actividade, como complemento das establecidas polo Real Decreto 1995/1978, ou dándolle unha consideración específica como para o sector agrario se fai no Decreto 3772/1972.

4. Fomenta-lo pase á modalidade por conta allea do Réxime Especial dos Traballadores do Mar, a través de modelos tales como cooperativas.

3.- O CES considera que as posibilidades de evolución do sector pasan por un aumento tanto da produción como do valor desta, de cara a conseguir uns ingresos mínimos que garantan uns niveis de renda dignos, cando menos iguais ó S.M.I. Tendo en conta que en 1999 a renda media das mariscadoras a pé en Galicia situouse en 457.379 ptas/ano (Informe Plan Galicia), o valor final da produción tería que multiplicarse por dous para conseguir este obxectivo, o que comportaría polo tanto tamén, un aumento da produción importante no mesmo senso.

4.- O CES considera que a formación constitúe un elemento importante para facilita-la profesionalización do sector, o crecemento da concorrência e a asimilación e expansión das novas tecnoloxías. Dado que o 96,2% das persoas empregadas no marisqueo posúen estudos básicos, considérase necesario mellora-la súa formación, especificamente con cursos relacionados coas técnicas de cultivo, o asociacionismo, as técnicas de mercado e o coñecemento das especies.

INFORME-OPINIÓN SOBRE O LIBRO BRANCO DA ENERXÍA DE GALICIA


O Consello Económico e Social de Galicia ten entre as súas funcións elaborar, a solicitude da Xunta, informes sobre plans e programas dirixidos a favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

O conselleiro de Industria e Enerxía compareceu no Pleno do Consello Económico e Social, na súa sesión 8/00, celebrada en data 14 de decembro, para presenta-lo *Libro branco da enerxía de Galicia* e solicitou deste organismo un informe-opinión sobre o mesmo.

Os traballos de redacción do informe-opinión foron encargados á Comisión Sectorial nº 1: Economía, emprego e desenvolvemento territorial, competente por razón de materia.

O obxecto deste informe-opinión foi darlle a coñecer ó Goberno galego as consideracións das entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello Económico e Social de Galicia sobre o dito libro branco.

O texto defintitivo do informe-opinión sobre o Libro branco da enerxía de Galicia foi aprobado por unanimidade polo Pleno do CES na súa sesión 02/01, de 7 de marzo.




INFORME-OPINIÓN SOBRE O PLAN DE REVITALIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA

No mesmo ámbito de actuación do Consello sinalado máis arriba, a conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude compareceu no Pleno do Consello Económico e Social, na súa sesión 3/01, celebrada en data 22 de marzo, para presenta-lo *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)* e solicitou deste organismo un informe-opinión sobre o mesmo.

Os traballos de redacción do informe-opinión foron encargados á Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón de materia.

O obxecto deste informe-opinión foi darlle a coñecer ó Goberno galego as consideracións das entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello Económico e Social de Galicia sobre o dito Plan.

O texto definitivo do informe-opinión sobre o Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases) foi aprobado por unanimidade polo Pleno do CES na súa sesión 10/01, de 23 de novembro.



Dictames 2001

Dictame
1/01

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia

Dictame
2/01

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia

Dictame
3/01

Dictame sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia

Dictame
4/01

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia

Dictame
5/01

Dictame sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica

Dictame
1/01

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 18 de xaneiro de 2001, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo á consideración deste organismo o borrador do anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido polo presidente ós membros da Comisión sectorial nº 2 : *Calidade de vida e protección social*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da petición de dictame sobre o Anteproxecto de Lei e do comezo dos traballos .

3.- O seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2, co fin de programa-las sesións para a elaboración do Dictame.

4.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia, ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2 , na súa sesión 4/01, de data 29 de xaneiro, aprobou por maioría a proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 12 de febreiro de 2001, o presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na sesión nº 1/01, de data 14 de febreiro, en trámite ordinario, acorda convocalo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión nº 1/01, do 22 de febreiro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- Os obxectivos do anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia están claramente determinados na exposición de motivos, onde se sinala que *“a presente Lei nace co obxecto de reforza-las técnicas de protección ambiental xa existentes na normativa en vigor, proporcionando un tratamento global e integrador respecto das condicións de autorización das actividades que teñen unha incidencia no medio ambiente (..) o que permitirá potencia-la efectiva aplicación do principio de prevención ó contemplarse os efectos contaminantes das actividades regulados dun xeito conxunto na auga, atmosfera e solo”*.

Para avanzar na consecución deses obxectivos, o anteproxecto de Lei cree necesario que *“os titulares das actividades obxecto de intervención ambiental comuniquen á Administración competente todos aqueles datos e previsións que permitan a esta conceder unha autorización ambiental integrada (...)”* así como *“regular un único procedemento integrado, no que se reduzan, unificándoos, os distintos trámites previstos na normativa sectorial (...)”*.

2.- O anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia estrutúrase en cinco Títulos, tres Disposicións Adicionais, dúas Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria, tres Disposicións Finais e un Anexo.

No Título I establécense as disposicións xerais sobre o obxecto da Lei, delimitando as obrigacións dos titulares das instalacións e os valores límites de emisión aplicables ás distintas actividades. Neste Título I tamén se determinan as finalidades a cumprir pola presente Lei, así como as definicións dos conceptos importantes a efectos da mesma.

Este Título estrutúrase en cinco artigos:

- Art. 1.- Obxecto.
- Art. 2.- Definicións
- Art. 3.- Finalidades
- Art. 4.- Obrigações xerais dos titulares das instalacións
- Art. 5.- Valores límite de emisión.

No Título II establécese o Réxime da autorización ambiental integrada, determinándose as distintas fases, dende a solicitude á resolución , así como o contido e as normas aplicables en canto a súa notificación, prazo de resolución e notificación, transmisión, etc. da dita autorización ambiental integrada. Este Título consta de doce artigos:

- Art. 6.- Solicitude de autorización.
- Art. 7.- Tramitación.
- Art. 8.- Información pública.
- Art. 9.- Informes.
- Art. 10.- Avaliación de impacto ambiental.
- Art. 11.- Proposta de resolución.
- Art. 12.- Resolución.
- Art. 13.- Contido da autorización ambiental integrada.
- Art. 14.- Notificación e publicidade.
- Art. 15.- Prazo máximo de resolución e notificación.
- Art. 16.- Revisión e actualización da autorización ambiental integrada.
- Art. 17.- Transmisión da autorización.

O Título III, que establece as actuacións de control das actividades obxecto de autorización ambiental, está composto por cinco artigos:

- Art. 18.- Órganos competentes.
- Art. 19.- Actuacións de control.
- Art. 20.- Obxecto do control.
- Art. 21.- Publicidade.
- Art. 22.- Entidades colaboradoras.

O Título IV está dedicado á pormenorización do réxime sancionador para tódalas actividades que, por non acata-las obrigas establecidas na presente Lei, incorren en

infraccións administrativas, que serán sancionadas segundo a súa gravidade. Este Título estrutúrase en dez artigos:

- Art. 23.- Infraccións.
- Art. 24.- Clasificacións das infraccións.
- Art. 25.- Sancións.
- Art. 26.- Equiparación ó beneficio.
- Art. 27.- Prescrición.
- Art. 28.- Concorrenca de sancións.
- Art. 29.- Medidas cautelares.
- Art. 30.- Responsables.
- Art. 31.- Competencia sancionadora.
- Art. 32.- Publicidade.

No Título V establécese o réxime económico, e dicir, que a prestación de servizos administrativos asociados ó procedemento de autorización ambiental devirá as correspondentes taxas. Este Título ten un só artigo :

- Art. 33.- Taxas.

Finalmente, establécese o Anexo I: Categorías de actividades industriais contempladas no artigo 1.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia sometido a Dictame supón a incorporación da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e ó control integrados da contaminación, en cumprimento do seu artigo 21, no que se establece que os Estados membros adoptarán as súas disposicións legais ó máis tardar tres anos despois da súa entrada en vigor.

O obxecto de dita Directiva é a prevención e a redución integradas da contaminación procedente das actividades que figuran no seu Anexo I. Nesta Directiva establécense medidas para evitar ou, cando iso non sexa posible, reduci-las emisións das cita-

das actividades na atmosfera, na auga e no solo, incluídas as medidas relativas ós residuos, co fin de acadar un nivel axeitado de protección do medio ambiente, considerado no seu conxunto.

Neste senso, o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia proporciona un tratamento global e integrador respecto ás condicións da autorización, potenciando a aplicación do principio de prevención e regulando un único procedemento que integra os distintos trámites previstos na normativa sectorial aplicable.

O CES considera oportuna a presentación deste anteproxecto de Lei que regula a prevención e o control integrado da contaminación en Galicia. Non obstante, considera que o obxecto do anteproxecto sometido a dictame límitase a un sistema de prevención e control integrados da contaminación procedente das actividades públicas ou privadas recolleitas no Anexo I da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro, sen desenvolver os graos de protección e procedementos de autorización de actividades establecidos no artigo 5 da Lei 1/95, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, que pecharían o marco global da protección ambiental na Comunidade Autónoma (Avaliación do impacto ambiental, avaliación dos efectos ambientais e avaliación da incidencia ambiental).

2.- A Disposición Adicional primeira da Lei 1/95, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, establece que no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, aprobaríanse as normas regulamentarias que a desenvolvesen. Na Disposición Transitoria segunda establécese que en tanto non se aproben ditas normas regulamentarias, permanece en vigor o Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, o Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, e o Decreto 327/1991, de 20 de outubro, de avaliación dos efectos ambientais de Galicia.

Tanto as actividades suxeitas como os procedementos de cada grao de protección teñen previsto o seu desenvolvemento específico. Con respecto á avaliación do impacto ambiental, as actividades suxeitas deben desenvolverse a través do catálogo de actividades previsto no artigo 8 da Lei 1/95, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. No caso da avaliación de efectos ambientais, as actividades suxeitas teñen previsto o seu desenvolvemento no artigo 11 de dita Lei. Por último, para á avaliación da incidencia

ambiental, o artigo 13 de dita Lei prevé o desenvolvemento do nomenclátor de actividades deste nivel de protección.

O CES considera que sería oportuno, neste momento en que se desenvolve a través do anteproxecto sometido a dictame as actividades suxeitas e os procedementos de autorización ós efectos de conseguir o obxectivo da prevención, que se desenvolvese, dentro deste anteproxecto, un procedemento integrado para os tres graos de protección citados, cos seus correspondentes catálogos, actividades suxeitas e nomenclátor.

3.- A oportunidade de elaborar un Anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia que abarque tódalas técnicas e medidas de defensa establecidas na Lei 1/95, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, cos seus réximes de autorización, licencia e, no seu caso, de comunicación, parece máis evidente cando é previsible que o anteproxecto de Lei sometido a dictame non teña tempo material de pasa-lo trámite parlamentario nesta lexislatura.

O CES entende que debería integrarse nun só texto normativo tódalas medidas de protección ambiental que afecten ás empresas en materia de prevención, avaliación do impacto ambiental e incidencia ambiental, o que clarificaría o marco normativo e evitaría incertezas respecto ás iniciativas empresariais. Neste senso, debería preverse nas Disposicións Finais do anteproxecto sometido a dictame un prazo para presentar un texto refundido con toda a normativa que afecte á protección ambiental.

4.- O CES entende que limitarse a regulamenta-las condicións de autorización e control das actividades do Anexo I da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e o control integrados da contaminación, deixaría sen regulamentar, coordinadamente co dito Anexo do anteproxecto sometido a dictame, o resto de actividades sometidas a algún grao de protección. Esta limitación de ámbito podería xerar conductas encamiñadas a dividir a actividade sometida a protección co obxecto de que non exceda dos requisitos establecidos en dito Anexo e eludi-los procedementos de autorización previa.

5.- O CES entende que, mesmo ós efectos de conseguí-los obxectivos de prevención, o feito de que o anteproxecto de Lei se limite á transposición literal da Directiva

96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, sen acomodala ás características de Galicia, deixaría fóra do procedemento de autorización previa a outras actividades tan importantes para esta comunidade autónoma como poderían ser, entre outras, a industria mineira, a de produción de enerxía ou a de transformación gandeira.

6.- O Ministerio de Medio Ambiente elaborou un borrador de anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación co mesmo obxecto e ámbito de aplicación co anteproxecto de Lei sometido a dictame, desenvolvendo o Anexo I de categorías de actividades industriais da Directiva 96/61/CE, do Consello, de 24 de setembro de 1996, por tipo de industrias, empresas, organizacións e instalacións potencialmente afectadas. Na súa Disposición Final Primeira, establece que dita Lei terá a consideración de lexislación básica sobre protección do medio ambiente de acordo co establecido no artigo 149.1.23 da Constitución española.

O CES entende que o anteproxecto de Lei de prevención e control integrados da contaminación de Galicia debería ter en conta a posible incidencia do citado borrador estatal porque, dado o seu carácter básico, podería afectar ó contido da futura norma galega.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 4 do anteproxecto de Lei sometido a dictame establece as obrigas xerais dos titulares das instalacións.

O CES considera que se debería clarifica-la redacción de determinados apartados dos puntos 2 e 3 de dito artigo:

- No apartado a) do punto 2, onde di “Adoptar tódalas medidas axeitadas de prevención da contaminación, en particular mediante a aplicación das mellores técnicas dispoñibles”, o CES propón a seguinte redacción: ***“Aplicar en todo momento as mellores técnicas dispoñibles de prevención de contaminación establecidas no Anexo IV da directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996”.***

- No apartado b) do punto 2 , onde di “Previr a produción de residuos (...)”, o CES propón a seguinte redacción: ***“Evita-la producción de residuos (...)”***.

- No apartado e) do punto 2 , onde di “Adopta-las medidas necesarias para evitar calquera risco de contaminación e para que o lugar da explotación volva quedar nun estado satisfactorio unha vez que teña cesado a actividade”, proponse a seguinte redacción: ***“Adopta-las medidas necesarias para evitar calquera risco de contaminación e para que o lugar de explotación e o entorno que puidese ser afectado volva quedar nun estado óptimo, de acordo cos plans de recuperación que se establezan, unha vez que teña cesado a actividade”***.

- No apartado a) do punto 3, onde di “Calquera modificación do proceso ou modificación substancial que se propoña realizar na explotación da instalación”, o CES propón a seguinte redacción: ***“Calquera modificación do proceso ou modificación substancial que se propoña realizar na explotación da instalación, que poida afectar a ditas actividades”***.

2.- No apartado 2 do artigo 5 establécense as condicións e características para determina-los valores límite de emisión.

O CES considera que, dadas as condicións climáticas de Galicia, no apartado f) de dito artigo, onde se establece que se terán en conta as condicións climáticas xerais, debería engadirse ***“e os microclimas da zona de emprazamento das actividades”***.

3.- Nos apartados 2 e 3 do artigo 6 do anteproxecto sometido a dictame establécense a documentación que debe acompañarse no caso de que a solicitude sexa presentada na Consellería ou no Concello.

O CES considera que debe unificarse a documentación esixida, independentemente de onde se presente a solicitude.

Respecto a este artigo:

- No apartado a) do punto 2, onde di “os demais sistemas e medidas propostos para cumpri-las obrigas do titular da explotación”, o CES, co obxecto de cubrir tódolos posibles aspectos da actividade, propón a seguinte redacción: ***“os demais sistemas e medidas propostos para cubri-las obrigas do titular da explotación, e as medidas relativas***

ás condicións de explotación distintas das normais que poidan afectar ó medio ambiente”.

- No apartado b) de dito punto propónse a seguinte redacción: *“A documentación preceptiva e a que se determine regulamentariamente (...)”.*

- Propónse engadir un apartado que inclúa o informe sobre a compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico. A este respecto, propónse a eliminación do apartado b) do punto 3 do artigo 7.

- O CES entende que debe cambiarse o apartado e) polo f), de xeito que a memoria resumo de tódalas indicacións especificadas inclúa tamén calquera outra documentación esixida pola normativa ambiental que se establecía no apartado f), que, con esta modificación, pasaría a se-lo apartado e).

4.- No apartado 5 do artigo 15 establécese que, transcorrido o prazo sen que tivera sido dictada e notificada resolución sobre a solicitude presentada, esta entenderase desestimada.

O CES entende que, dada a importancia que para as iniciativas empresariais teñen as autorizacións ambientais, as resolucións das solicitudes de autorización ambiental integrada deben ser sempre expresas, sen considerar a posibilidade do silencio negativo.

5.- No artigo 18 establécense os órganos competentes para exercer-las potestades administrativas de control e vixilancia das actividades reguladas no anteproxecto obxecto de Dictame.

O CES considera que o órgano de coordinación da inspección ambiental única, establecido no artigo 29 da Lei 1/95, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e desenvolvido no Decreto 156/1995, de 3 de xuño, de inspección ambiental: regulación, debería ser dotado da máxima independencia orgánica e funcional posible no desenvolvemento da súa actuación.

6.- No artigo 21 establécese a publicidade do resultado da inspección.

O CES entende que debería modificarse a redacción deste artigo, no senso de que o resultado das inspeccións estea a disposición pública nas delegacións provinciais da

Consellería de Medio Ambiente.

7.- No artigo 25 do anteproxecto sometido a dictame, debería establecerse unha sanción adicional no caso de infraccións moi graves, que consista na imposibilidade de contratar coa Administración Pública durante tres anos, para as empresas que incorran en dita infracción.

8.- O Anexo I do anteproxecto de Lei refírese ás categorías de actividades industriais contempladas no artigo 1.

O CES considera que debería abrirse a posibilidade de ampliar no futuro as actividades sometidas a prevención e control integrados da contaminación, tanto nas limitacións establecidas ás actividades no Anexo I do anteproxecto de Lei como na incorporación de actividades non contempladas e que teñen unha especial incidencia en Galicia, de acordo co manifestado nas observacións xerais 4ª e 5ª deste dictame.

9.- O CES considera importante que neste anteproxecto de Lei se inclúan como Anexos os seguintes:

- O Anexo II da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro, onde se especifica a lista das Directivas que afectan ó articulado.
- O Anexo III da dita Directiva, onde se establece unha lista indicativa das principais substancias contaminantes que se tomarán obrigatoriamente en consideración se son pertinentes para fixar valores límite de emisións.
- O Anexo IV da mesma Directiva, onde se especifican os aspectos que deben terse en conta para determina-las mellores técnicas dispoñibles.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2001

Vº. e P
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Dictame
2/01

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 18 de xaneiro de 2001, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo o borrador do Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia, co obxecto de que este organismo emita o correspondente dictame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o venres, 4 de xaneiro de 2001, ó presidente e ós membros da Comisión sectorial nº 2: Calidade de vida e protección social, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto e do comezo dos traballos con data 3 de xaneiro de 2001.

3.- Con data 4 de xaneiro de 2001, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o luns, 8 de xaneiro, co fin de programa-las sesións para a elaboración do Dictame.

4.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 7/01, de data 8 de febreiro, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 12 de febreiro de 2001, o presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión 01/01, de 14 de febreiro, en trámite

ordinario acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión 1/01, do 22 de febreiro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

DICTAME

Sobre o anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- Os obxectivos do Anteproxecto de Lei de ambiente atmosférico de Galicia son, entre outros, os seguintes:

- “O establecemento das normas, criterios e técnicas de ordenación para manter un alto nivel de calidade do aire ambiente e mellora-la, se é o caso”.
- “Previr, vixiar e reduci-la contaminación atmosférica”.
- “Evitar que a contaminación atmosférica poida inducir efectos nocivos”.

2.- O contido do Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia estrutúrase en sete Títulos, tres Disposicións Adicionais, unha Disposición Transitoria, unha Disposición Derrogatoria, sete Disposicións finais e un Anexo.

No Título Primeiro establécense as disposicións xerais sobre o obxecto da Lei, delimitando o ámbito de aplicación da Lei así como as liñas de actuación da mesma. Define tamén os principios que inspiran a acción pública a favor da protección e mellora do ambiente atmosférico en Galicia e os conceptos importantes a efectos do Anteproxecto de Lei. Este Título estrutúrase en cinco artigos:

Art. 1: “Obxecto da Lei”

Art. 2: “Liñas de actuación”

Art. 3: “Principios”

Art. 4: “Ámbito de aplicación da Lei”

Art. 5: “Definicións”

No Título Segundo establécese a avaliación e protección da calidade do aire, determinando en primeiro lugar os parámetros da calidade do aire, a súa vixilancia e avaliación e, por último, as medidas para o mantemento e mellora da dita calidade do aire. Este título estrutúrase en tres capítulos e 11 artigos, distribuídos como segue:

Capítulo I: Parámetros da calidade do aire:

Art. 6: “Criterios xerais”

Art. 7: “Valores da calidade do aire”

Capítulo II: Vixilancia e avaliación da calidade do aire:

Art. 8: “Avaliación da calidade do aire

Art. 9: “Rede Xeral de Vixilancia da calidade do aire de Galicia”

Art. 10: “Modelización da calidade do aire”

Art. 11: “Tratamento da información atmosférica”

Art. 12: “Mapa de cargas e niveis críticos de Galicia”

Capítulo III: Medidas para o mantemento e mellora da calidade do aire:

Art. 13: “Zonas e aglomeracións urbanas”

Art. 14: “Plans de saneamento e mellora da calidade do aire”

Art. 15: “Situación de alerta atmosférica”

Art. 16 : “Plans de acción para o mantemento da calidade do aire”

O Título terceiro contempla o control das actividades potencialmente contaminantes, establecendo os requisitos xerais a cumprir. Posteriormente faise unha diferenciación entre o control da contaminación atmosférica de actividades industriais e o control das emisións urbanas e as derivadas do transporte. Este título estrutúrase en tres capítulos e 8 artigos distribuídos do xeito que segue:

Capítulo I : Requisitos xerais:

Art. 17: “Inventario das fontes de emisión”

Art. 18: “Obrigacións xerais para os titulares de actividades potencialmente contaminantes”

Capítulo II: Control da contaminación atmosférica producida polas actividades industriais.

Art. 19: “Condicións para a autorización de instalacións industriais”

Art. 20: “Sistemas de control y medida”

Art. 21: “Sistema de control integrado da contaminación”

Art. 22: “Emisións furtivas e difusas en operacións industriais”

Capítulo III: Control da contaminación atmosférica urbana e a derivada do transporte:

Art. 23: “Control das emisións urbanas non industriais”

Art. 24: “Control das actividades de transporte”

O Título cuarto regula o fomento da calidade do aire ambiente a través de instrumentos financeiros, horizontais e da planificación territorial e sectorial, entre outros. Este título estrutúrase en tres capítulos e nove artigos distribuídos como segue:

Capítulo I: Instrumentos fiscais, económicos e de apoio financeiro.

Art. 25: “O imposto sobre a contaminación atmosférica”

Art. 26: “Axudas e subvencións”

Art. 27: “Fondo de Protección do Ambiente Atmosférico en Galicia”

Art. 28: “Contabilidade ambiental “

Art. 29: “ Pactos ou acordos voluntarios”

Capítulo II: Instrumentos horizontais de apoio.

Art. 30: “Investigación e desenvolvemento científico e técnico”

Art. 31: “Formación e educación ambientais”

Art. 32: “Sistemas de xestión e auditoría ambientais”

Capítulo III: Planificación territorial e sectorial.

Art. 33: “Planificación sectorial e protección integrada do medio ambiente atmosférico”

No Título quinto regúlase o referente á información e participación na xestión do ambiente atmosférico, recolléndose esta regulación nos catro seguintes artigos.

Art. 34: “Dereito á información sobre a calidade do aire”

Art. 35: “Informe anual sobre o estado do ambiente atmosférico de Galicia”

Art. 36: “Indicadores ambientais”

Art. 37: “Participación cidadá”

O Título sexto do Anteproxecto de Lei determina as funcións das Administracións Públicas con competencias no ámbito do Anteproxecto obxecto de Dictame, polo tanto, determina as funcións da Administración pública da Xunta de Galicia e as dos municipios. Por outra banda, regula tamén as relacións interadministrativas. Este título divídese en dous capítulos e cinco artigos, tal como se observa de seguido:

Capítulo I: Funcións das Administracións Públicas de Galicia.

Art. 38: “Administración pública da Xunta de Galicia”

Art. 39: “Municipios”

Capítulo II: Relacións interadministrativas.

Art. 40: “Colaboración e coordinación”

Art. 41: “Comunicación e información”

Art. 42: “Auxilio. Convenios cos municipios”

No Título sétimo establécese a chamada disciplina ambiental, determinándose a regulamentación aplicable ós casos non regulados polo Anteproxecto de Lei sometido a Dictame. A disciplina ambiental para o que está regulado no Anteproxecto de Lei determínase a través da inspección e das infraccións e sancións, así como de todo o que se refire a posibilidade de interpoñer recursos. Este título está composto de catro capítulos e dezaseis artigos distribuídos como segue:

Capítulo I: Principios xerais.

Art. 43: “Remisión normativa”

Capítulo II: Inspección

Art. 44: “Potestade de inspección”

Art. 45: “Denuncias”

Art. 46: “Actas de inspección”

Art. 47: “Homologación dos procedementos de toma de mostrase medicións”

Capítulo III: Infraccións e sancións

Art. 48: “Responsabilidades”

Art. 49: “Infraccións administrativas”

Art. 50: “Medidas cautelares”

Art. 51: “Sancións económicas”

- Art. 52: “Graduación das multas”
- Art. 53: “Sancións accesorias”
- Art. 54: “Prohibición de establecer contratos e de obter subvencións”
- Art. 55: “Competencia para impoñe-las sancións”
- Art. 56: “Restauración do medio e indemnización”

Capítulo IV: Réxime de recursos

- Art. 57: “Recursos administrativos”
- Art. 58: “Acción pública”.

Finalmente establécese o Anexo: “Relación de contaminantes atmosféricos”.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Na exposición de motivos do Anteproxecto de Lei sometido a dictame faise constar que neste Anteproxecto de Lei pártese do acervo comunitario que é obrigatorio no noso país, mencionándose, entre outras, a Directiva 96/62/CE do Consello, de 27 de setembro de 1996, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente.

O Anexo do Anteproxecto de Lei recolle os seguintes anexos da Directiva 96/62/CE : o Anexo I: “Lista de contaminantes atmosféricos que deben terse en conta na avaliación e xestión da calidade do aire”, e o Anexo III: “Directrices para a selección dos contaminantes atmosféricos que deben terse en conta”, non figurando como anexos do Anteproxecto de Lei sometido a dictame os anexos II: “Factores que deberán terse en conta ó establecer os valores límite e ós umbrales de alerta” e o IV: “ Información que debe incluírse nos programas locais, rexionais ou nacionais de mellora da calidade do aire ambiente”.

Con respecto ó Anexo II, no artigo 4 da Directiva 96/62/CE, establécese que para fixa-los valores límite e, de xeito adecuado, os umbrales de alerta, teranse en conta a modo de exemplo os factores fixados no dito Anexo.

Con respecto ó Anexo IV da Directiva 96/62/CE, o artigo 8 de dita Directiva determina que os estados membros establecerán a lista de zonas e aglomeracións onde os

niveis de un ou máis contaminantes rebasen o valor límite incrementado polo marxe de exceso tolerado e que tomarán medidas para garantir a elaboración dun plan e programa que permitan que as zonas e aglomeracións regresen ós valores límite dentro dun prazo fixado.

Dito plan e programa, que especificarán, ó menos, a información incluída no Anexo IV de dita Directiva, deberán estar a disposición do público no senso do artigo 8 da Directiva 99/30/CE do Consello de 22 de abril de 1999 relativa ós valores límite de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente, que establece que cando os Estados membros poñan a disposición da poboación os plans e programas realizados con arranxo o apartado 3 do artigo 8 da Directiva 96/62/CE, porán tamén os ditos plans e programas a disposición das organizacións interesadas relacionadas en dito artigo. O artigo 7 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame traspón o contido do xa mencionado artigo 8 da Directiva 96/62/CE.

Por todo iso, o CES considera importante incluír no Anteproxecto de Lei sometido a dictame os Anexos II e IV da Directiva.

Por outra banda, o CES considera que debería modificarse a redacción do apartado 1 do artigo 15: “Situación de alerta atmosférica”, onde se pospón ó desenvolvemento posterior regulamentario a lista dos detalles mínimos que terán que comunicarse.

2.- Na devandita exposición de motivos do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, menciónase tamén como normativa comunitaria de obrigado cumprimento a Directiva 99/30/CE. Os valores límite establecidos en dita Directiva constitúen requisitos mínimos para os Estados membros, e ten por obxecto establece-los valores límite e, no seu caso, os umbrales de alerta respecto das concentracións de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente, avaliar as súas concentracións, obter información e manter e mellorar a calidade do aire ambiente.

O CES considera necesario que figuren no Anteproxecto de Lei sometido a dictame os seguintes anexos da citada Directiva: o Anexo I, onde se fixan os valores límite e o umbral de alerta para o dióxido de xofre; o Anexo II, onde se fixan os valores límite, o marxe de tolerancia e o umbral de alerta para o dióxido e óxidos de nitróxeno; o Anexo III, no que se determinan os valores límite, o marxe de tolerancia e o umbral de alerta

para as partículas; e, por último, o Anexo IV, no que se fixan os valores límite, o marxe de tolerancia e o umbral de alerta para o chumbo no aire ambiente.

En relación á avaliación das concentracións de ditos elementos, o CES considera conveniente que no artigo 8 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame: “Avaliación da calidade do aire”, se faga referencia ós seguintes Anexos ós que se refire o artigo 7 a Directiva 99/30/CE cando desenvolve a avaliación das concentracións: Anexo V: “Determinación dos requisitos necesarios para a avaliación da concentración de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente dentro dunha zona ou aglomeración”; o Anexo VI: “Ubicación dos puntos de mostraxe para a medición das concentracións de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente”; o Anexo VII: “Criterios de determinación do número mínimo de puntos de mostraxe para a medición fixa das concentracións de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente”; o Anexo VIII: “Obxectivos de calidade dos datos e presentación dos resultados da avaliación da calidade do aire”; e, por último, o Anexo IX: “Métodos de referencia para a avaliación das concentracións de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo”.

3.- O CES entende que, na exposición de motivos do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, podería matizarse a filosofía do principio de “quen contamina paga” no senso de que, aínda estando de acordo co seu contido, non se poida deducir que “quen poida pagar pode contaminar”.

4.- No Título VI do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, onde se regulan as funcións das Administracións públicas, no seu Capítulo I distingue as funcións da Administración pública da Xunta de Galicia referidas á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, e as que corresponden ás Corporacións Locais. No Capítulo II expóñense as relacións interadministrativas co fin de asegurar a coherencia e efectividade das súas accións, establecendo os procedementos de colaboración e coordinación, comunicación e información, auxilio e convenios cos municipios.

Da lectura de dito Título parece desprenderse un certo solapamento ou dualidade das funcións, froito das competencias compartidas na protección do medio ambiente pola Administración pública da Xunta de Galicia e polas Corporacións Locais.

Como exemplo deses solapamentos, o apartado d) do punto 1 do artigo 38 regula a competencia da Consellería de Medio Ambiente no establecemento e xestión da Rede Xeral de Vixilancia da calidade do aire de Galicia, e no apartado d) do artigo 39 establécese que corresponde as Corporacións Locais implantar e xestionar as estacións de vixilancia da calidade do aire.

O CES considera que nun posible pacto local deberían delimitarse claramente as competencias de planificación, xestión e control na protección do medio ambiente entre ambas administracións.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES considera oportuna a presentación deste Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia, e comparte a filosofía dos dous primeiros parágrafos da exposición de motivos, onde se expón o estado do medio ambiente atmosférico como un dos problemas mais importantes da nosa época, do que depende a vida na terra, así como que os seus efectos maniféstanse antes de poder protexerse contra eles; parece, sen embargo, que a expresión “esa suave e fina pel que rodea o noso planeta” é quizás excesivamente literaria para o contido da Lei.

2.- No punto a) do artigo 2 do Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia, establécese dentro das liñas de actuación desta Lei a definición e establecemento dos obxectivos da calidade do aire para os diferentes contaminantes. O CES considera que debería engadirse a este apartado unha expresión de contido similar á do artigo 1 da Directiva 96/62/CE do Consello de 27 de setembro de 1996 sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente, no senso de que dita definición teña como obxectivo ***“evitar, previr e reducir os efectos nocivos para a saúde humana e o medio ambiente no seu conxunto”***; o obxectivo de evitar os efectos nocivos debería tamén ser incluído no apartado 1 do artigo 1 do Anteproxecto de Lei.

Ca mesma finalidade de transposición da Directiva, no apartado c) do artigo 2 do Anteproxecto de Lei onde di : “A preparación da información adecuada (...)”, o CES entende que debería dicir: ***“Disponer de información adecuada (...)”***.

3.- No artigo 4 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, establécese o ámbito territorial e material de aplicación do mesmo. Respecto ó ámbito material propóñense como incluídos os contaminantes de natureza química establecidos no Anexo, e excluídos, entre outros, os organismos modificados xenéticamente.

O CES entende que, anque parece claro o ámbito material da Lei, a redacción do artigo pode dar lugar á confusión de expandir o ámbito de aplicación desta Lei ós contaminantes naturais; por todo elo considérase que debería, en todo caso, clarificarse que o ámbito desta Lei non inclúe ós organismos non modificados xenéticamente.

4.- No artigo 5 do Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia, establécense as definicións, nalgúns casos traspostas das seguintes directivas: Directiva 88/609/CE do Consello, de 24 de novembro, sobre limitacións de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión; Directiva 96/62/CE do Consello, do 27 de setembro de 1996, sobre a avaliación e xestión da calidade do aire ambiente; e, por último, da Directiva 99/30/CE do Consello, do 22 de abril de 1999, que regula as inmisións de dióxido de xofre, óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo.

O CES considera que a definición de aglomeración que se traspón case literalmente da definición 9 do artigo 2 da Directiva 96/62/CE, ten unha importancia decisiva na avaliación e protección da calidade do aire en Galicia, afectando o apartado 2 do artigo 7: “Valores da calidade do aire”, ó artigo 8: “Avaliación da calidade do aire”, ó apartado 1 do artigo 9: “Rede Xeral de Vixilancia da Calidade do aire de Galicia” ó artigo 13: “Zonas e aglomeracións urbanas”, e ó apartado 1 do artigo 14: “Plans de saneamento e mellora da calidade do aire”. O CES entende que debería axustarse dita definición ás características da poboación galega, a través da diminución do límite de habitantes, a fixación da densidade de poboación ou que se consideren áreas de concentración de poboación as áreas metropolitanas.

Respecto á definición de aire ambiente ou ambiente atmosférico, transposición da definición da Directiva 96/62/CE e da Directiva 99/30/CE, o CES considera que debería matizarse a definición: “excluídos os lugares de traballo” reemplazándoa por: **“excluído o interior dos lugares de traballo”**.

Respecto á definición de autorización, o CES considera que debería clarificarse a

redacción de dita definición, eliminándose a expresión: “A parte ou a totalidade dunha ou varias (...)” e comezar a definición por: “***Decisiones escritas (...)***”.

5.- No artigo 9 do Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia, establécese a Rede Xeral de Vixilancia da calidade do aire de Galicia, constituída polas estacións sensoras de titularidade pública ou privada, existentes ou de futura instalación no territorio da Comunidade Autónoma.

O CES considera que debería clarificarse en dito artigo a natureza pública de dita rede.

Por outra banda, o CES non considera necesario o apartado 2 de dito artigo, onde se regula a posible imposición de servidumes forzosas, considerándose suficiente a referencia os procedementos establecidos na Lei de expropiación forzosa.

6.- No artigo 10 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, establécese o procedemento de avaliación da calidade do aire mediante técnicas de modelización, en función da súa importancia relativa ou por razóns técnicas, económicas ou operativas, que non permitan nin xustifiquen a instalación de sistemas de medición directa.

O CES considera que debería establecerse o emprego de técnicas de modelización no mesmo senso que o establece o apartado 4 do artigo 6 da Directiva 96/62/CE, e os apartados 3 e 4 do artigo 4 da mesma Directiva. En todo caso, debería explicitarse no desenvolvemento da Lei as razóns técnicas, económicas e operativas que non permitan a instalación de mecanismos de medición directa.

7.- No apartado 2 do artigo 15, que regula a situación de alerta atmosférica, establécese que a declaración de alerta atmosférica conterá un plan de medidas urxentes que deben adoptarse de acordo cos recursos dispoñibles.

O CES entende que ante unha situación de alerta atmosférica debería eliminarse a limitación que supón a adopción das medidas en función dos recursos dispoñibles.

8.- No apartado 4 do artigo 18 establécese a competencia para establece-los límites especiais mais rigorosos das actividades potencialmente contaminantes, dita competencia corresponde ó Goberno da Xunta de Galicia e propónse tanto pola Consellería de Medio Ambiente como polas corporacións locais afectadas.

O CES considera que cando a proposta de límites especiais máis rigorosos corresponda a corporacións municipais, esta debería tramitarse a través da Consellería de Medio Ambiente.

9.- No apartado 2 do artigo 19 do Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia, establécese a posible autorización para a posta en marcha provisoria de instalacións potencialmente contaminantes, durante un período de tempo limitado para probar ou axusta-lo funcionamento dos sistemas de control da contaminación atmosférica.

O CES considera que a duración deste período limitado debería declararse expresamente no momento de autorización da instalación industrial.

10.- O artigo 26 do Anteproxecto de Lei establece as axudas e subvencións ós titulares das actividades potencialmente contaminantes legalmente autorizadas antes da entrada en vigor desta Lei, que resulten afectadas polos plans de saneamento e mellora da calidade do aire.

O CES considera que debería establecerse un marco único de axudas e subvencións, tanto ós actuais empresarios como ás novas iniciativas empresariais que poidan resultar afectadas pola aplicación desta Lei. Neste senso, o texto debería ampliar o ámbito das axudas e subvencións a tódolos investimentos empresariais encamiñados á prevención e control integrado da contaminación, á minimización dos residuos e á aplicación das mellores técnicas dispoñibles, potenciando para iso a I+ D+I.

11.- No artigo 28 establécese a obriga dos empresarios de levar unha contabilidade específica dos seus custos ambientais.

O CES considera que unha Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia non é o marco xurídico axeitado para establecer obrigas contables xenéricas ás empre-

sas, cando a información necesaria para a Administración sobre investimentos e gastos ambientais pode ser regulamentada na normativa que desenvolva as axudas e subvencións para o fomento da calidade do aire ambiente.

Por todo o anterior, o CES considera oportuna a supresión do artigo sinalado.

12.- No artigo 33 establécense as estratexias dirixidas a integra-la política de protección atmosférica de Galicia.

No apartado a) deste artigo establécese o fomento do transporte público, en particular o ferroviario e dos modos de transporte pouco contaminantes e non motorizados.

O CES considera importante esta estratexia que debe afectar a toda-las modalidades de transporte pouco contaminantes en xeral, polo que debería clarificarse a redacción de dito apartado eliminando a expresión “non motorizados”.

Respecto ó apartado f) do mesmo artigo, dentro da estratexia de eficiencia e aforro enerxético, o CES entende que debería eliminarse deste apartado as instalacións de coxeneración de enerxía dada a actual situación problemática deste tipo de instalacións, reflectida no *Libro branco da enerxía de Galicia*.

13.- No apartado 3 do artigo 37, onde se regula a participación cidadá, establécese que correspondo ó Consello Galego de Medio Ambiente o coñecemento e información dos proxectos e plans ambientais.

Como consideración xeral do CES sobre tódolos Consellos sectoriais asesores, enténdese que a composición do Consello Galego de Medio Ambiente debería ser paritaria entre os representantes da Administración e os representantes das entidades sectoriais afectadas e dos axentes económicos e sociais.

14.- No apartado 2 do artigo 44, que regula a potestade de inspección, establécese as facultades do persoal que realiza a inspección para acceder, se é o caso, sen previo aviso, tra-la súa identificación, ás instalacións nas que se desenvolvan as actividades obxecto desta Lei.

O CES considera que para clarificar a redacción deste apartado deberá eliminarse a expresión “se é o caso”.

Respecto ó apartado 3 do dito artigo, onde se establece a posibilidade de que a Xunta de Galicia outorgue determinadas facultades de auxilio e control a entidades públicas ou privadas debidamente acreditadas e habilitadas ó respecto pola Consellería de Medio Ambiente, o CES considera que en ningún caso as competencias de planificación e control público deben ser delegadas pola Xunta de Galicia.

15.- No artigo 46 régulanse as actividades de inspección, establecéndose que de toda visita de inspección redactarase acta descritiva dos feitos que poidan ser motivo da irregularidade.

O CES considera que debería regulamentarse neste Anteproxecto de Lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia que en toda visita de inspección se reflicta nun documento as actuacións realizadas, no caso de que dita inspección non dé lugar ó levantamento dunha acta de inspección.

16.- No artigo 49, onde se regulan as infraccións administrativas, establécese no apartado c) do punto 4 como infracción leve emitir, mediante vehículos de motor ou actividades domésticas e de servizos, contaminantes á atmosfera de forma que superen os límites legalmente establecidos.

O CES entende que debería eliminarse deste apartado a referencia a vehículos de motor, e regulamentarse noutro apartado independente a infracción por emisión contaminante de vehículos de motor, graduando a distinta responsabilidade no caso de que o vehículo teña actualizada a correspondente Inspección Técnica de Vehículos ou, polo contrario, non sexa así.

17.- No artigo 54 regulamentase a prohibición de establecer contratos e de obter subvencións coas Administracións públicas ata que non se executaran as medidas correctoras pertinentes e ata que non se satisfagan as sancións.

O CES considera que debería ampliarse a regulación deste artigo no senso de que,

no caso de infracción moi grave, as empresas que incorran en dita infracción non poidan contratar coa administración pública en un prazo de 3 anos, contado a partir de que se satisfaga a sanción pertinente.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2001

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Dictame
3/01

Dictame sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 17 de xaneiro de 2001, tivo entrada no Consello Económico e Social, oficio do presidente da Xunta de Galicia sometendo á consideración deste organismo o borrador do proxecto de *Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia*, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o 18 de xaneiro de 2001, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: Economía, emprego e desenvolvemento territorial, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, con data 18 de xaneiro de 2001, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do Proxecto de Decreto e do comezo dos traballos.

3.- Con data 19 de xaneiro de 2001, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o mércores, 24 de xaneiro de 2001, co fin de programa-las sesións para a elaboración do dictame.

Con data 30 de xaneiro de 2001, a petición da Comisión Sectorial, compareceu a directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para explica-lo proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial en Galicia.

A directora xeral do Igape expuso as características e obxectivos do proxecto de Decreto e destacou, entre outras, as seguintes:

- O proxecto de decreto é un marco normativo de carácter xenérico (inclúe tódalas actuacións actualmente incentivables pola UE) para o período 2000-2006, negociado coa UE, que habilita no período citado a capacidade de desenvolver outras normas sen necesidade de novas negociacións.

- Diminúe o peso estratéxico da subvención pola intervención, que se concretará no asesoramento, a incentivación, a oferta de servizos e a creación de infraestruturas.

- O proxecto de Decreto ten como obxectivo concentrar a política de incentivos en tres programas fundamentais: a atracción de novas empresas para que localicen a súa actividade en Galicia, a consolidación das empresas existentes mellorando a súas técnicas de xestión e o apoio á cultura empresarial en proxectos innovadores de risco e na creación de novas empresas.

4.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 1, na súa sesión 06/01, de data 12 de febreiro, aprobou por unanimidade a proposta de dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- A Comisión Permanente, reunida na sesión nº 01/01, de data 14 de febreiro, en trámite de urxencia, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión nº 1 /01, do 22 de febreiro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

Sobre o proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- O proxecto de Decreto sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, tal como se menciona na súa exposición de motivos, pretende fixa-los criterios básicos da política de fomento da Administración autonómica, marcándose para iso como obxectivos a mello- ra daqueles programas e modalidades de axuda que se mostraron mais eficaces no perí- odo de aplicación do Decreto 309/1995, do 23 de novembro, así como a inclusión dos programas de axuda que se estimen necesarios para avanzar no fomento da actividade económica da comunidade autónoma.

2.- O contido do proxecto de Decreto estrutúrase en dezasete artigos, unha Disposición Transitoria, unha Disposición Derogatoria e dúas Disposicións Finais

Cada un dos artigos encabézase co contido do mesmo, sendo así que o proxecto de Decreto regula os seguintes contidos:

- Art. 1.- Finalidade
- Art. 2.- Obxectivos
- Art. 3.- Actividades incentivables
- Art. 4.- Criterios preferentes
- Art. 5.- Modalidades de axuda
- Art. 6.- Beneficiarios
- Art. 7.- Programas de incentivos
- Art. 8.- Axudas ó investimento en creación, ampliación e modernización de empresas
- Art. 9.- Axudas á toma de participacións no capital de sociedades
- Art.10.- Axudas temporais e de reestructuración de empresas
- Art.11.- Axudas á investigación, desenvolvemento e innovación
- Art.12.- Axudas á formación, divulgación, asistencia técnica e á contratación de persoal especializado
- Art.13.- Axudas á cooperación empresarial
- Art.14.- Apoio á iniciativas emprendedoras
- Art.15.- Compatibilidade dos incentivos económicos
- Art.16.- Competencia na xestión e concesión dos incentivos económicos
- Art.17.- Seguimento das axudas

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente o contido do Decreto e a comparecencia da autoridade administrativa na comisión sectorial.

O CES considera que o Decreto mellora a normativa anterior mediante unha articulación integrada das axudas así como a través dunha máis axeitada definición dos obxectivos, dos criterios, das modalidades e dos programas, incrementando o nivel de cobertura dos incentivos.

O CES considera positivo, respecto á diminución do peso estratéxico das subvencións a fondo perdido, o incremento da intervención e da asunción de risco por parte da Administración nas modalidades de axuda, no senso de garantir un maior control, seguimento e cumprimento dos obxectivos.

2.- O CES considera necesaria a participación institucional dos axentes económicos e sociais no desenvolvemento normativo deste Decreto para dictaminar sobre os criterios concretos de incentivación e sobre a transparencia nos procedementos de articulación das axudas.

Neste senso, considérase oportuno que a Consellería de Economía e Facenda dicte as disposicións necesarias para que, de xeito previo ás convocatorias de axudas establecidas no artigo 16 do proxecto de Decreto sometido a dictame, se requira Dictame do Consello Económico e Social de Galicia.

O CES entende que a participación institucional dos axentes económicos e sociais no seguimento dos programas debe producirse a través do Consello, en aplicación do principio de cooperación, dado que a maior parte das axudas desenvolven o marco comunitario de apoio de Galicia 2000-2006, mediante a información, o mais ampla posible, sobre a execución de cada un dos instrumentos normativos que desenvolvan o proxecto de Decreto. Neste senso, considérase importante que, de acordo co artigo 17, sexa remitido un informe anual sobre a aplicación de dito Decreto, que conteña dita información, para o seu coñecemento.

3.- O CES entende que debe incluírse, no desenvolvemento normativo, un epígrafe de baremación positiva dos incentivos ós proxectos presentados, en función da súa capacidade, presente ou futura, de xeración de emprego estable.

4.- No texto do Decreto aparecen conceptos tales como operacións financeiras de garantía, prestación de servizos, habilitación de infraestruturas, subvención neta equivalente ...

O CES considera que debería clarificarse o alcance de ditos conceptos na normativa de desenvolvemento do Decreto para facilita-la súa comprensión polos usuarios finais.

No mesmo senso, no artigo 6 do proxecto de Decreto obxecto de dictame, que define as persoas que poden ser beneficiarias de incentivos, refírese a “empresarios individuais, sociedades, agrupacións de empresas e asociacións”. O CES considera que esta referencia a “asociacións” debería ser máis explícita para que se entenda que poden ser beneficiarios dos incentivos as asociacións de empresarios.

5.- O CES entende este Decreto como un marco normativo de carácter xenérico, xa negociado coa Unión Europea, que habilita no período 2000-2006 a capacidade de desenvolver normas pola Comunidade Autónoma, coa cobertura do mesmo, sen necesidade de novas negociacións.

Neste senso, as observacións particulares ó articulado do proxecto de Decreto deben entenderse fundamentalmente como observacións que deben afectar ás normas que o desenvolvan.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No **artigo 3**, establécense as actividades economicamente incentivables.

O CES entende que, respecto ás actividades pesqueiras, debería clarificarse que ditas actividades abarcan tamén o marisqueo e a acuicultura

Respecto á construción, actividade non considerada no anterior Decreto, o CES considera que debería limitarse o alcance da incentivación de dita actividade no senso de que só sexan incentivables as fórmulas de cooperación empresarial (excluindo as UU.TT.EE.) e os investimentos en seguridade e saúde no traballo.

En relación cós servizos, dada a importancia dos investimentos en protección do medio ambiente e, en especial, na recollida de todo tipo de residuos, debería incentivarse no desenvolvemento do Decreto este tipo de actividade.

2.- No **artigo 5**, onde se regulamentan as modalidades de axuda, establécese que a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá establecer outros límites á subsidiación dos tipos de xuro, en atención o carácter estratéxico ou social do proxecto.

O CES considera que debería atenderse tamén ás condicións de mercado para establecer outros límites a subsidiación, establecéndose un procedemento áxil para o seu axuste.

3.- No **apartado 3** do **artigo 8**, considéranse como non subvencionables os investimentos de substitución.

O CES considera que debería matizarse esta exclusión, permitindo que en determinados investimentos de substitución de alta tecnoloxía, en proxectos estratéxicos concretos, puideran considerarse subvencionables os ditos investimentos.

No **apartado 4** do **artigo 8**, establécese que as solicitudes de axuda deberán presentarse antes de comeza-la execución dos proxectos de investimento.

O CES considera que no desenvolvemento do Decreto non se debería condicionar os procesos investidores das empresas cos prazos marcados nas respectivas convocatorias. Deberían establecerse en cada convocatoria sistemas de retroactividade que recollan toda-las solicitudes que se presenten polas empresas durante o período transcorrido entre a data de finalización do prazo dunha convocatoria e a data de comezo do prazo da seguinte convocatoria.

4.- No apartado 1 do artigo 10, onde se regulamentan as axudas temporais, establécese que o tipo de axuda poderá consistir en préstamos directos e garantías para préstamos que o seu prazo de amortización tralo último pagamento á empresa das cantidades prestadas non sexa superior a doce meses.

O CES considera que neste tipo de axudas podería establecerse un procedemento similar ó regulamentado no apartado 2 do artigo 5, onde excepcionalmente a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos, a proposta da Consellería de Economía e Facenda, poda establecer outros prazos de amortización.

No **apartado 5 do artigo 10,** establécese que os beneficiarios das axudas temporais e de reestruturación de empresas presentarán un plan do que, a xuízo da entidade concedente, se deduza a viabilidade técnica, económica e financeira a longo prazo da empresa sobre a base dunhas perspectivas obxectivas en canto ás súas futuras condicións de funcionamento.

O CES considera que neste apartado debería engadirse a garantía de que ditos plans sexan consensuados polas empresas e os representantes legais dos traballadores.

5.- No punto 1 do artigo 11, establécense os gastos ou investimentos incentivables que poden recibir axudas para investigación, desenvolvemento e innovación.

O CES considera que, dada a importancia que ten para as empresas incorporar á súa xestión sistemas de aseguramento da calidade, de acordo coas normas ISO 9001, 9002 e 9003, e sistemas de xestión medio ambientais, establecidos no regulamento CE/1836/1993, ditos gastos deberían incluírse na normativa de desenvolvemento deste Decreto dentro dos gastos necesarios para a realización e posta en marcha dos proxectos.

No **apartado 3** do **artigo 11**, establécense os factores a ter en conta para a determinación da contía da axuda.

O CES considera necesario que dentro destes factores se teña en conta o impacto dos proxectos presentados en termos de emprego.

6.- No **apartado 3** do **artigo 13**, que regula as axudas á promoción e cooperación empresarial, establécense os conceptos dos gastos incentivables.

O CES considera que dentro do apartado d) “Outros gastos externos directamente vinculados ó proxecto”, deberían incluírse, na normativa de desenvolvemento do Decreto, os gastos que se realicen na promoción de feiras sectoriais así como os investimentos en centros de transporte e distribución de mercancías.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2001

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Dictame
4/01

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 20 de febreiro de 2001, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo á consideración deste organismo o borrador do anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o 21 de febreiro de 2001, polo presidente ós membros da Comisión sectorial nº 2: Calidade de vida e protección social, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da petición de dictame sobre o Anteproxecto de Lei e do comezo dos traballos con data 27 de febreiro de 2001.

3.- Con data 27 de febreiro de 2001, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2, para o 8 de marzo, co fin de programa-las sesións e revisa-la documentación para a elaboración do dictame, polo trámite ordinario.

4.- Con data 8 de marzo de 2001, remitiuse o texto do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, ós membros do grupo 3º que non forman parte da Comisión Sectorial nº 2, para que presenten ante dita Comisión as consideracións que estimen oportunas.

5.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 11/01, de data 28 de marzo, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- En data 4 de abril de 2001, segundo a convocatoria do presidente do Consello, a Comisión Permanente, reunida na súa sesión 4/01, en trámite ordinario acorda convocalo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

7.- O Pleno do CES, na súa sesión 4/01, do 18 de abril, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

DICTAME

Sobre o anteproxecto de Lei da vivenda e Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- Os obxectivos do anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia están claramente determinados na exposición de motivos, onde se sinala que:

“Tratarase de regular tres aspectos fundamentais.

- En primeiro termo, a protección dos arrendatarios e dos adquirentes de vivendas e locais na súa relación cos arrendadores, promotores, constructores e vendedores, garantindo que a información recibida antes de contratar sexa veraz, completa e transparente, así como o respecto, ó longo do proceso constructivo, dos compromisos asumidos fronte a estes.

- En segundo lugar, dase forma á intervención da Administración Autonómica nos problemas específicos que suscita a transmisión a terceiros das vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, co fin de asegurar que estas queden sempre en mans de cidadáns que doutro modo non poderían facer efectivo o seu dereito a unha vivenda digna e axeitada, dadas as súas particulares circunstancias familiares e económicas.

- Finalmente, prevese na Lei o réxime sancionador por infraccións en materia de vivenda, con un alcance mais amplo á Lei 13/1996, do 30 de decembro, ó referirse ademais ás infraccións en materia de vivendas de protección pública”.

2.- O anteproxecto de Lei da vivenda de Galicia estrutúrase en cinco Títulos, tres Disposicións Transitorias, dúas Disposicións Derradeiras e unha Disposición Derogatoria.

O Título Preliminar abarca do artigo 1 o 6 e nel expóñense as Disposicións Xerais, e dicir, o obxecto da Lei e definicións importantes para o seguimento da mesma.

O Título Primeiro: “Protección das adquirentes e arrendatarios de vivenda”, abarca ós artigos 7 ata 32 distribuídos en catro capítulos. Neste Título prevense as condicións nas que se realizará a publicidade na oferta de venda de vivendas, a información que deberá de subministrarse ós interesados na súa adquisición e arrendamento, establecendo a documentación que se lles entregará, e regula, de modo especial, aínda que sen esquece-la venda de vivendas xa rematadas, o fenómeno de venda das mesmas en proxecto ou en construción, *“modalidade contractual onde a realidade acredita unha maior problemática e na que a debilidade do consumidor reclama unha atención preferente.”*

O Título Segundo: “Transmisión das vivendas de protección ou promoción pública”, abarca os artigos 33 ata 39, estruturados en dous capítulos. Este Título establece os requisitos que haberán de cumprirse na transmisión de vivendas de promoción ou protección pública no que se refire ás condicións do adquirente e prezos máximos de venda, regulando os dereitos de tanteo e retracto da Administración como última garantía de que á propiedade de tales vivendas poderán acceder persoas verdadeiramente necesitadas daquela protección.

O Título Terceiro: “De depósito das fianzas dos arrendatarios de vivendas e fincas urbanas”, inclúe os artigos 40 ata 48 e regula o desenvolvemento da Disposición Adicional Terceira da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos, que autoriza para isto ás Comunidades Autónomas, a obriga de depósito das fianzas a que se refire o artigo 36.1º deste texto legal, o cal haberá de facer efectivo os arrendadores no Instituto Galego de Vivenda e Solo ou, de se-lo caso, nas entidades xestoras, materia que se regula no Título III da Lei.

O Título Cuarto: “Réxime sancionador”, que está composto polos artigos 49 ata 65, estruturados en seis capítulos, contempla o réxime sancionador, incorporando previsións que se corresponden coas novas obrigas que agora se impoñen ós axentes da edificación, e continua incluíndo outras dos promotores e constructores ou dos ocupantes das vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

Por último, a Disposición Derogatoria sinala que con este anteproxecto de Lei queda derogada a Lei 13/1996, do 30 de decembro, de infraccións en materia de vivenda, e tódalas disposicións de igual ou inferior rango que contradigan o disposto nesa Lei.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera oportuna e necesaria a presentación do anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia para regula-la protección dos arrendatarios ou adquirentes de vivendas e locais, para dar solución ós problemas especulativos que suscita a transmisión a terceiros das vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, para desenvolver a Lei de arrendamentos urbanos e para propoñer un novo réxime sancionador.

De acordo coa exposición de motivos do anteproxecto de Lei sometido a dictame, na que se cita o artigo 47 da Constitución española, que “ordena ós poderes públicos a promoción das condicións necesarias para facer efectivo o dereito a unha vivenda digna e axeitada, encomendándolles a elaboración das normas pertinentes para isto”, o CES considera que as Administracións públicas teñen o deber de velar tanto pola calidade das vivendas como pola atención especial ás formas de acceso das familias economicamente menos dotadas.

O CES entende oportuno que nesta Lei se estableza o réxime xurídico xeral das vivendas suxeitas a algún tipo de protección pública co obxecto de ter un texto integrador da política de vivenda da Xunta de Galicia. O establecemento das medidas de fomento público da vivenda considérase fundamental para atender as necesidades dos cidadáns de facer efectivo o seu dereito a unha vivenda digna e adecuada.

Parece adecuado engadir un título neste anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia cos principios xerais de fomento público da vivenda para que ós cidadáns poidan optar a este dereito constitucional, facilitando o acceso a vivenda das persoas e os grupos en situación de específica dificultade, mellorando a calidade das vivendas e o seu entorno e adecuando o custe das vivendas á capacidade de renda das unidades familiares. Neste título debería regularse o desenvolvemento das medidas de fomento da vivenda: a promoción pública das vivendas e o outorgamento de beneficios e axudas económicas para a urbanización, a construción, a adquisición e o uso, a rehabilitación e as adaptacións especiais de vivendas.

Respecto á promoción pública de vivendas, considérase oportuno regular como mínimo, tendo en conta a complexidade da normativa, o seu obxecto, as súas modalidades, os programas de promoción de vivenda, os órganos competentes para a promoción e as modalidades de cesión.

2.- O CES considera oportuna a estratexia deste anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia de introducir máis transparencia no mercado e máis seguridade xurídica ó consumidor, a través da intervención da Administración tipificando as infraccións por incumprimento na entrega ós adquirentes e arrendatarios da correspondente documentación e a vulneración dos principios de veracidade e obxectividade.

Neste senso, o apartado i do artigo 16 do anteproxecto de Lei obxecto de dictame: “información por escrito”, e o artigo 17: “información sobre o prezo da venda”, establecen a obriga de proporcionar por escrito o prezo total de venda da vivenda.

Co obxecto de que o prezo certo da vivenda, elemento fundamental da protección do consumidor, sexa totalmente transparente, o CES considera que a Administración debe garanti-lo cumprimento real deste requisito e protexer ó consumidor da existencia de sobreprezo, cando o promotor esixe unha cantidade superior á establecida na información escrita.

A dita garantía debe abarcar tanto a inspección para que o consumidor poida dispoñer realmente das vivendas ó prezo ofertado por escrito, como a tipificación de infracción grave cando esta dispoñibilidade non se cumpra.

3.- O anteproxecto de Lei da Vivenda de Galicia establece como un dos seus obxectivos a protección dos dereitos dos adquirentes ou usuarios en materia de vivenda.

O CES considera importante cumpri-lo dito obxectivo a través de tódolos requisitos desenvolvidos no Título primeiro do anteproxecto. Dita protección incrementará a documentación necesaria nos procesos de venda de vivenda, o que podería supoñer unha diminución da axilidade no tráfico mercantil dos mesmos. Como exemplo, a cédula de habitabilidade pode supoñer un maior custo e demora no dito tráfico inmobiliario.

Neste senso, debería ampliarse o obxecto da Lei e introducir un Título que desen-

volva un novo obxecto que regule as medidas necesarias que garantan a axilidade e seguridade do tráfico mercantil, fundamentalmente respecto da axilidade dos trámites administrativos, que poderían dilata-los procedementos de venda se as administracións responsables de resolve-los ditos trámites administrativos utilizan os prazos máximos de resolución.

4.- O CES considera que sería conveniente estudar a posibilidade de regular un sistema de arbitraje na resolución dos conflitos que poidan derivarse da aplicación do Título primeiro do anteproxecto sometido a dictame.

Neste senso, se se regulase dito sistema de arbitraje, no artigo 21, onde se establecen os requisitos dos contratos, debería engadirse o sometemento do réxime xurídico do edificio proxectado ó sistema de arbitraje establecido.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No **artigo 4** deste anteproxecto de Lei establécese a obriga para o arrendador da obtención da cédula de habitabilidade cando teñan transcorrido dez anos dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación.

O CES considera que a dita obriga non debería establecerse polo simple transcurso de dez anos, senón regularse que transcorridos dez anos, o IGVS, en función do resultado da inspección técnica do edificio, establecerá os prazos concretos nos que se requirira a obtención previa da cédula de habitabilidade.

2.- No **artigo 6** do anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia defínese a figura do constructor.

O CES considera que sería oportuno defini-la figura do industrial colaborador do constructor, que asume mediante subcontratación partes concretas do proxecto. En todo caso, debería quedar claro que a adecuación das unidades de obra realizadas polos ditos industriais colaboradores ó proxecto debe ser sempre responsabilidade do constructor.

3.- No **artigo 8** do anteproxecto de Lei obxecto de dictame establécese o carácter vinculante da publicidade, esixíndose a referencia da situación das vivendas respecto ás que están xa concluídas ou ás que se atopan en fase de construción.

O CES entende que a dita esixencia debería ampliarse especificando tamén se as vivendas están en fase previa á construción.

4.- O **artigo 12** do anteproxecto relaciona os conceptos incluídos no prezo de venda.

O CES considera que no seu apartado b, onde di: “*os impostos que legalmente correspondan ó comprador (...)*” sería máis axeitado dicir: “*os impostos e gravámenes que legalmente correspondan (...)*”.

5.- No **artigo 20** do anteproxecto de Lei obxecto de dictame régúlase a reserva de vivendas de futura construción, establecéndose, no seu **apartado 1**, o compromiso do promotor durante un determinado período de tempo a reservar ó interesado unha vivenda a cambio dun certo prezo establecido no pacto de reserva.

O CES considera que, co obxecto de evita-la especulación das vivendas reservadas, debería establecerse que o determinado período de tempo a que se refire o dito apartado non debería ser superior á data na que se conclúan unha porcentaxe determinada de vendas.

No **apartado 4 do artigo 20**, establécense as causas polas que procede a devolución das cantidades abonadas polo interesado ó promotor.

O CES considera que sendo as ditas causas imputables ó promotor, este debería proceder á devolución das mesmas máis os intereses, que deben establecerse no pacto de reserva, devengados por ditas cantidades adiantadas.

A **letra a) do apartado 4 do artigo 20** regula a procedencia da dita devolución cando a obra non poida iniciarse dentro do prazo previsto por non terse adquirido o dereito de propiedade ou superficie sobre a finca. Por outra banda, no **artigo 19** establécese que, para formalizar contratos ou precontratos de compravenda de vivendas ou per-

cibir cantidades a conta do prezo, o promotor debe ostentar sobre o solo en que se vaia a emprazar o dereito de propiedade ou superficie ou o dereito de opción de compra inscrito no Rexistro da Propiedade.

O CES considera que a redacción de ambas condicións pode dar lugar a certa confusión no senso de que para formalizar contratos, precontratos ou cantidades a conta do prezo dunha vivenda é suficiente o dereito de opción de compra inscrito no Rexistro da Propiedade e, sen embargo, o artigo 20 establece que procede a devolución da reserva se non se ten adquirido o dereito de propiedade.

En todo caso o CES considera que debería cambiarse a orde de ditos artigos, para seguir unha orde procedimental lóxica.

6.- O artigo 21.e) establece, entre os requisitos dos contratos de promesa de venda ou compravenda de vivendas, a inclusión da cota de participación que lles corresponda en relación do total do valor do inmovible.

O CES entende que esixir a constancia da “cota de participación” na comunidade de propiedade horizontal nos contratos de promesa de venda ou compravenda dificulta enormemente as posibilidades de modificación posterior (se, finalmente, se constrúen máis ou menos plantas ou espazos ou mesmo se se redistribúen as cotas doutras unidades), o que tamén debe poñerse en relación co apartado 2 do artigo 23.

Enténdese que a esixencia deste requisito é unha pretensión excesiva desde un punto de vista práctico, que pode paralizar todo o proceso. A complexidade inherente a unha declaración de obra nova e división horizontal non permite acadar o consentimento simultáneo de tódolos compradores afectados.

7.- No artigo 23 do anteproxecto de Lei régúlase a correspondencia entre a construción e o proxecto de obra, establecéndose no apartado 2 as modificacións que non poden levarse a cabo sen que sexan expresamente consentidas por tódolos compradores. O apartado 4 deste artigo establece que nas modificacións do proxecto aprobadas pola Administración nas vivendas de protección oficial ou declaradas protexidas pola Comunidade Autónoma non é preciso o consentimento do comprador.

O CES non considera oportuna, de xeito xeral, a excepción establecida no apartado 4, respecto ó consentimento dos compradores para as modificacións do proxecto, entendendo que as garantías establecidas no apartado 2 deben ser tamén aplicables como norma xeral ás vivendas de protección oficial ou declaradas protexidas pola Comunidade Autónoma.

8.- O artigo 26 establece que o promotor non poderá allear vivendas trala expedición do certificado final de obra sen obter a licenza de primeira ocupación, ben expresamente ou por silencio administrativo.

O CES entende que o promotor, que viña realizando a súa actividade comercial durante a fase de proxecto ou construción, sen motivo ningún que o xustifique e simplemente polo feito de que o arquitecto director da obra asine o certificado final da mesma, debe paralizar todo o proceso comercial, pecha-la nave ou oficina de vendas e agardar ata que o Concello correspondente lle expida a licenza de primeira ocupación –non obstante a salvedade do párrafo 2, que en todo caso é unha opción unilateral do interesado na adquisición–.

O CES non entende cal é a razón última deste apartado e considera que pode ser moi prexudicial para as empresas promotoras.

9.- No artigo 28 do anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia establécese as entregas de documentación en segundas e posteriores transmisións de vivendas.

O CES considera positivo o contido deste artigo co obxecto de garantir que os adquirentes de segundas ou posteriores transmisións de vivendas teñan tamén dereito á documentación da vivenda que adquiren. Neste senso considérase que podería establecerse neste artigo a obriga de que as persoas físicas ou xurídicas que no marco da súa actividade empresarial interveñan nas transmisións de vivenda teñan a obriga de velar pola posta a disposición do adquirente da dita documentación.

10.- No apartado 4 do artigo 36 establécese que o exercicio do dereito de tanteo deberá realizarse mediante notificación fehaciente dirixida ó transmitente ou ó organismo que realizou a adxudicación. No apartado 3 do **artigo 37** régulase un prazo para o

exercicio do dereito de retracto da Administración cando non constare a súa renuncia ó dereito de tanteo.

O CES considera oportuno engadir un novo apartado ó artigo 36 no que se establece a obriga da Administración Autonómica de notificar a súa renuncia ó dereito de tanteo, mediante notificación fehaciente nos mesmos termos do apartado 4, sempre que teña recibido a notificación establecida no apartado 1 do artigo 36.

Neste senso, o novo prazo para o exercicio do dereito de retracto da Administración Autonómica limitárase ós casos nos que non se lle fíxese a notificación prevista no apartado 1 do artigo 36.

11.- No apartado 1 do **artigo 43** establécese o destino preferente das fianzas que teña en depósito o Instituto Galego da Vivenda e do Solo, concentrándose, a parte da construción e rehabilitación de vivendas de promoción pública, en actuacións directas en núcleos antigos ou suxeitos a un proceso de renovación urbana.

O CES considera, respecto ás últimas actuacións citadas, que existe unha certa ambigüidade na referencia ás ditas actuacións, que debería ser obxecto de maior precisión ou acotarse ás funcións que nesta materia están establecidas na Lei de creación do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

12.- A Disposición Adicional Segunda establece unha “vacatio legis” de tres meses.

O CES considera insuficiente este prazo a tenor da importancia do anteproxecto para todo o sector inmobiliario. Por este motivo, propónse a ampliación do prazo a seis meses.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2001

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Dictame
5/01

Dictame sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 13 de xuño de 2001, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente, sometendo á consideración deste organismo o borrador do proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica, co obxecto de que este organismo emita dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o luns, 18 de xuño de 2001, ó presidente e ós membros da Comisión sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente para emitilo dictame por razón de materia.

3.- Con data 18 de xuño de 2001, a súa presidencia convoca á Comisión sectorial nº 2 para o luns, 2 de xullo, co fin de programa-las sesións para a elaboración do Dictame.

4.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión sectorial nº 2, na súa sesión 13/01, de data 9 de xullo, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 9 de xullo de 2001, o presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión 9/01, de 10 de xullo, en trámite ordinario, acorda convocalo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión 8/01, do 19 de xullo, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

DICTAME

Sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

1.- O proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica está concibido como un instrumento de aplicación para aqueles Concellos que non teñan aprobadas ordenanzas municipais sobre esta materia.

O obxecto desta disposición é regula-las actuacións dos cidadáns e da Administración para a protección do medio ambiente contra as perturbacións producidas polos ruídos e vibracións en cumprimento da Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

2.- O contido do proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento que establece as normas marco sobre protección contra a contaminación acústica estrutúrase nun artigo único de aprobación do Regulamento, estando este estruturado o mesmo tempo en catro Títulos, unha Disposición adicional, unha Disposición transitoria, unha Disposición derogatoria e unha Disposición derradeira.

Como xa se sinalou, o regulamento está estruturado en catro Títulos, no primeiro deles establécense as Disposicións Xerais sobre o obxecto do Regulamento, o ámbito de aplicación e as competencias.

No Título II establécense os niveis máximos de ruído e vibración, dividíndose en dous capítulos:

Capítulo I: “Criterios xerais de prevención.”

Capítulo II: “Niveis de ruído e vibración admisibles.”

No Título III determínanse as condicións específicas de prevención, estruturadas en catro capítulos:

Capítulo I: “Regulamentación do ruído nas edificacións.”

Capítulo II: “Regulamentación do ruído no tráfico.”

Capítulo III: “Regulamentación do ruído das actividades relacionadas cos usos productivos, terciario e equipamento.”

Capítulo IV: “Regulamentación do ruído para actividades varias.”

Por último, no Título IV establécese a inspección e o réxime sancionador, estruturándose en tres capítulos:

Capítulo I: “Disposicións xerais.”

Capítulo II: “Inspección e vixilancia.”

Capítulo III: “Réxime sancionador.”

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente o proxecto de Decreto, xa que establece un marco para aqueles concellos que carecen de ordenanzas sobre ruído e vibracións e regula uns baixos niveis de ruído permitidos tanto no exterior coma no interior dos locais.

2.- O CES entende necesario que o Proxecto de Decreto considere non só os recintos desde a perspectiva da “actividade económica”, senón tamén como “centros de traballo”, para non obvia-la regulación laboral sobre esta materia.

3.- O CES considera necesario que o Concello teña función na prevención e non unicamente nos aspectos de corrección e sanción. Para superar este baleiro, enténdese que se debe incorporar un capítulo de “Saneamento acústico” que recolla medidas complementarias e adicionais de saneamento que atendan os requirimentos de prevención e mellora dos niveis de avaliación.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No apartado **d)** do **punto 1** do **artigo 5**, defínese a zona de servidume como a que comprende os sectores do territorio afectados por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestructuras viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que a reclamen.

O CES entende que a zona de servidume debería delimitarse a través dos puntos do territorio, ou curva isófona, onde se midan os valores guía de inmisión no ambiente exterior que correspondan, de acordo coas zonas de sensibilidade acústica.

2.- No **punto 2** do **artigo 5**, establécese a clasificación segundo os usos dos cinco tipos de recintos adscritos ás zonas de sensibilidade acústica.

O CES considera que as aulas de ensino e as bibliotecas, polas súas características especiais, estarían mellor encadradas no tipo II. As actividades relacionadas cos usos productivos, terciario e equipamento deberían estar incluídas nos recintos de tipo V.

3.- O apartado **a)** do **punto 1** do **artigo 6** establece os valores de recepción de ruído no ambiente exterior determinando que ningunha fonte sonora poderá emitir nin transmitir niveis de ruído ou vibración tal que produzan valores de recepción superiores ós fixados.

O CES considera que na delimitación do horario debería diferenciarse entre días laborais e festivos, ampliando o horario nocturno destes últimos ata máis tarde das 8:00h.

4.- O **artigo 12** regula a utilización dos dispositivos acústicos dos vehículos de motor.

Co fin de evitar abusos ou usos desaxeitados, o CES considera que se debería clarificar a utilización de dispositivos acústicos no caso de urxencias ou para evitar accidentes de forma que estes dispositivos sexan utilizados *“de forma axeitada e proporcionada”*.

5.- O artigo 21 establece a posibilidade de que se realicen inspeccións unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, para comprobar que cumpren a normativa.

O CES entende que debería substituírse a “*posibilidade*” de que se realicen inspeccións unha vez postas en funcionamento as instalacións, pola “*obligatoriedade*” de realizalas.

6.- No punto 1 do artigo 23 establécese que as actividades suxeitas á normativa específica de espectáculos, establecementos públicos e actividades recreativas non poderán emprazarse nos edificios de uso dominante residencial ou de uso mixto con uso residencial.

O CES considera que a prohibición de ditas actividades debería limitarse ós edificios de uso dominante residencial privado, e limitando as de uso mixto con uso residencial ó cumprimento de dita normativa específica.

7.- No punto 4 do artigo 23 régúlase a posibilidade de que o Concello estableza as medidas oportunas para diminuí-lo nivel sonoro exterior naquelas zonas da cidade onde existan numerosas actividades destinadas ó uso de establecementos públicos e os niveis de recepción no ambiente exterior superen en máis de 3 dB os niveis fixados nesta disposición.

O CES considera que debería substituírse a “*discrecionalidade*” do Concello para a fixación de medidas que diminúan o nivel sonoro exterior, pola “*obligatoriedade*” de establecelas.

8.- No punto 6 do artigo 23 establécese que non se autoriza a implantación de actividades con ambientación musical se distasen un radio inferior a 30 metros.

O CES considera que debería eliminarse este apartado, fundamentalmente pola limitación que supón para a actividade económica o establecemento da limitación do radio inferior a 30 metros; sendo, en todo caso, ampliable a calquera actividade que conte con ambientación musical, os límites establecidos na Lei 7/1997, do 11 de agosto.

9.- No **punto 7** do **artigo 23** límitase o nivel sonoro máximo a 90db para os establecementos públicos que dispoñan de equipo musical de elevada potencia.

O CES entende que non se debería permitir supera-los niveis sonoros máximos con un simple “aviso”, cando no artigo 25 para os traballos na vía pública non se autoriza en ningún caso supera-los 90 dB.

Neste artigo tampouco se ten en conta que algúns dos receptores deste ruído son os traballadores dos locais, co que, se a exposición fose de 8 horas, estaríase contravin- do a normativa laboral na materia.

10.- O **punto 5** do **artigo 24** establece que haberá que dispoñer dunha autoriza- ción expresa do Concello para as manifestacións populares na vía pública ou espazos abertos de carácter común ou veciñal e similares, na atención á posible incidencia por ruídos na vía pública.

O CES entende que a necesidade de autorización do concello, no caso de mani- festacións ou mitins, pola posible incidencia de ruídos, pode entrar en colisión con outros dereitos fundamentais dos traballadores e traballadoras e da cidadanía establecidos na Constitución.

11.- O **artigo 27** establece que o servizo público nocturno de limpeza e recolli- da de lixo adoptará as medidas e as precaucións necesarias para reduci-lo mínimo o nivel de perturbación da tranquilidade cidadá.

O CES considera que nos pregos de condicións dos contratos de limpeza e reco- llida de lixo non só se deben limita-los valores límite de emisión sonora para os vehícu- los, senón tamén para os procedementos que estes aplican.

12.- O **artigo 29** relaciona a normativa aplicable á materia tratada na disposición obxecto de dictame.

O CES considera que a normativa aplicable debería facer tamén referencia á nor- mativa laboral, xa que os locais son centros de traballo:

- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais;
- R. D. 1316/89, de ruído;
- R. D. 486/1997, de lugares de traballo.

13.- O artigo 31 regula a actividade de inspección ás actividades que se veñan desenvolvendo e ás instalacións en funcionamento para comproba-lo cumprimento das determinacións das normas-marco.

O CES entende que no punto 1 segue sen se incorpora-la perspectiva laboral nos centros de traballo, nos que o labor da Inspección de Traballo non precisa mandamento xudicial para acceder ós mesmos.

14.- No artigo 35 establece as actuacións que constitúen falta grave.

O CES entende que non parece unha medida axeitada a unha falta grave que a paralización da actividade evite unha sanción; parece máis adecuado abri-la posibilidade de que dita paralización se considere como un atenuante, impondo a sanción no seu grao mínimo.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2001

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez Llanos Gómez

Asdo.: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

